

BAIO (SANTA MARÍA)

Por Evaristo Domínguez e Xosé M^a Lema


2ª PARTE

- 8. Unha parroquia con dúas igrexas:**
 - Igrexa antiga
 - Igrexa nova
- 9. Persoeiros baieses de sona.**
- 10. Asociacións culturais e deportivas.**
- 11. Festas parroquiais.**
- 12. Inventario dos bens patrimoniais da parroquia segundo o *PXOM*.**
- 13. Bibliografía**

8. UNHA PARROQUIA CON DÚAS IGREXAS

8.1. A igrexa antiga de Santa María de Baio

Está situada no lugar de Baio Pequeno, ten ó seu arredor o cemiterio parroquial. Presenta unha planta de salón, formada por unha capela maior (5,5 x 4,5 m.), e unha nave rectangular (12 x 7 m.). A sancristía (4,5 m. de lado) engadíuselle ó muro leste da capela maior.



No ano 1730 estase efectuando unha completa remodelación arquitectónica do templo, que seguramente supuxo o completo derrubamento do edificio anterior para erguer outro de nova planta. As referencias documentais deste ano e dos seguintes dan idea do alcance destas obras: "y por aver allándose la yglesia Parrochial (...) derrivada y descubierta del techo (...), para hacer otra nueva".



Igrexa antiga de Baio, exterior (foto XMLS)

O visitador pastoral de 1741 proporcionáanos valiosas noticias ó respecto: neste ano xa estaba a capela maior abovedada (tal como se observa na actualidade) e o corpo da nave a tellavá (é dicir, sen faiado, coas tellas á vista). Intentárase cubrir a nave cunha bóveda de canón, pero acabou por virse abaixo de forma imprevista; aínda hoxe se aprecian os arrinques dos arcos desta bóveda frustrada.

Non estaba construída por estes anos a sancristía, pois o visitador ordena que esta se levante por detrás do altar maior, para o cal era preciso escavar o adro por esta parte “según está deliniado” e achanzalo para construíla.

Finalmente, a nave teitouse en 1872 cunha cercha de madeira. O bonito púlpito de pedra con dosel, apegado ó muro norte, fixérase uns anos antes, en 1864.

A fachada, así mesmo, debeu ser obra do segundo terzo do séc. XVIII, pois a imaxe de pedra do fornelo situado sobre o lintel da porta -que representa a Virxe- data de 1757.

A espadana construíuse sobre a fachada en 1843; uns anos despois un temporal derrubou o seu remate, arranxándose novamente entre 1853 e 1859. Xa nos nosos días, contra 1985, outra vez un temporal volveu tirar con este remate, sendo preciso restauralo de novo tal coma estaba.

Entre 1992 e 1993, volveu haber unha remodelación da igrexa antiga de Baio, que afectou ó seu interior (deixouse ó descuberto a bóveda da sancristía, por exemplo, que estaba caleada) e ó seu exterior.

Estamos ante un edificio bastante harmónico que responde en case todas as súas liñas ás formas construtivas barrocas, moi acordes coa época en que nos consta que foi construído: o segundo terzo do séc. XVIII. No exterior temos que salientar a porta principal -unha das máis bonitas da comarca-, con dobre orelleira e o tornachuvias mixtilíneo, do máis xenuíno barroco. Na espadana, a pesar de ser feita a mediados do XIX, aprécianse detalles aínda neoclásicos (mútuos, aletóns curvos etc.).



Fachada da igrexa antiga de Baio (foto XMLS)



Vista interior da igrexa antiga de Baio (foto XMLS)

Retablos e imaxes da igrexa antiga

No interior do templo podemos admirar o **RETABLO MAIOR**, un magnífico exemplar barroco de columnas salomónicas ou helicoidais. Consta, en sentido vertical, de banco, corpo principal e ático ou corpo superior. No banco atópase o camarín do sagrario, entre dúas volutas. No corpo principal maniféstase a supremacía do panel central sobre os dous laterais. As dúas columnas que flanquean este panel central son salomónicas, de capiteis compostos e fustes de cinco espiras, percorridos por acios de uvas e pámpanos en abundancia. O ático presenta un panel único, entre dúas pequenas columnas salomónicas que soportan un entaboamento sobre o que se situou a figura dun Padre Eterno sobre nubes algodónosas; cubrindo os espazos baldeiros a un e a outro lado, dúas longas e sinuosas volutas.

As imaxes do ático son a únicas orixinais do retablo: a do Padre Eterno e a do arcanxo san Miguel que ocupa o fornelo. As outras imaxes son relativamente modernas: a Virxe con neno no colo, que ocupa o fornelo central, data do ano 1889, e o Sagrado Corazón de Xesús e o san Xosé dos paneis laterais son, posiblemente, do primeiro terzo do séc. XX.

Este retablo data de 1734 e veu substituír outro anterior, o realizado en 1640 polo tallista compostelán Jácome de la Flor Vaamonde. O autor da obra retablística que chegou ós nosos días foi o escultor e

canteiro de Borneiro, Xoán Martínez. Vinte anos despois -en 1754- recibiría a primeira man de pintura, labor que levou a cabo o pintor compostelán Andrés Sueiro e o seu fillo, operación que tivo de custo 2.100 reais. Xa a finais do séc. XIX, en 1878, o pintor e escultor de Cee, Manuel Nimo, cobraría 5.200 reais por lle dar outra man de pintura. Foi repintado de novo hai algúns anos.

O escultor borneirán Xoán Martínez tamén era canteiro, pois, como vimos en Lamas, no segundo terzo do séc. XVIII levantou a fachada desta igrexa xunto coas súas esculturas, así coma o cruceiro do adro. Rexistramos obras súas en Borneiro, Sarces e Laxe (Lema Suárez 1993-I: 334).



Retablo maior barroco da igrexa antiga de Baio, obra de Xoán Martínez, de Borneiro, en 1734 (foto XMLS)

Entre as **imaxes** de interese da igrexa antiga de Baio temos no retablo maior a **san Miguel**, de pequeno tamaño, de estilo barroco, da época do retablo (primeiro terzo do XVIII): aparece vestido coma un guerreiro medieval coa espada levantada contra un demo que ten baixo os pés. Da mesma época é o relevo do Padre Eterno da parte máis alta.

Quizais a imaxe máis antiga e de maior valor artístico desta igrexa sexa a dun **Cristo crucificado** do séc. XVII que estivera anos e anos depositado na sancristía e que se restaurou contra 1992. O tamaño da cruz é duns 65 cms. Sobre ela aparece a figura de Cristo crucificado con tres cravos, cos ollos fechados (coma adormecido); o seu rostro presenta un perfil triangular, enmarcado por unha barba moi aguzada; na cabeza leva unha voluminosa coroa de espiños. O seu tórax é amplo e recto, sen que se



O Padre Eterno e o S. Miguel do retablo maior
(foto XMLS)



Crucificado do antigo retablo maior, ano 1640 (foto XMLS)

aprecien as formas anatómicas. Os brazos moi estirados e rectos; as pernas, robustas, dobran lixeiramente nos xeonllos. O pano de pureza é bastante amplo, e átese na cadeira cun nó feito co propio pano. Aprécianse feridas e finos regueiros de sangue polo corpo.

Consideramos que esta figura é o que nos queda do anterior retablo maior (desaparecido contra 1734, cando foi substituído polo actual), que fora obra dun coñecido escultor compostelán en 1640, Jácome de la Flor Vaamonde. Trátase dunha obra escultórica de estilo manierista: pola súa composición helicoidal, a súa actitude serena (plasmación da entrega voluntaria ó martirio), o pano de pureza amplo cunha dobra na parte central etc.

Teñen tamén o seu encanto tres pequenas imaxes (duns 60-70 cms) hoxe colocadas sobre peañas apegadas ás paredes da nave:

- **Santa Bárbara:** moza vestida ó estilo das doncelas patricias romanas, que leva a palma - que simboliza o seu martirio- nunha man e unha torre na outra -o seu atributo persoal, pois fora encerrada polo seu pai nunha torre-.
- **San Paulo:** home entrado en anos, de longas barbas e incipiente calvicie; leva unha espada na man (o seu atributo persoal: o instrumento do seu martirio).
-
- **San Roque:** home de mediana idade que leva vestiduras de peregrino a Compostela, como indican as vieiras dos ombreiros e do chapeu; sinala a ferida na coxa (desde o séc. XV foi considerado avogado contra a peste); como anécdota, perdeu as figuras diminutas do anxo co bote dos perfumes e do can co pan na boca, que aparecen nas imaxes doutras igrexas.
- Temos perfectamente datadas estas tres imaxes, xunto cos con dous retablos de estilo barroco-neoclásico nas que figuraron, desaparecidos hai anos As tres foron obra do “escultor de Troitosende”, que non era outro que Ignacio Martínez, de quen xa falamos en Lamas como autor do retablo maior e das principais imaxes. Estas pequenas figuras baiesas son dez anos anteriores ás de Lamas, pois datan do ano 1763 (as outras eran de 1773). Encadrámolas dentro do estilo barroco, xa na súa fase final, a época rococó (Lema Suárez 1993-II: 218-222).
- Ignacio Martínez era fillo do escultor e canteiro borneirán Xoán Martínez (autor do retablo maior baies). Tamén nacera en Borneiro; primeiro aprendería o oficio co seu pai e máis adiante instalaría o seu obradoiro de escultura na parroquia de Santa María de Troitosende, no actual concello da Baña (Val de Barcala), de onde era a súa muller. Esta freguesía queda na beira dereita do río Tambre, preto de Portomouro, a uns 50-60 km da Terra de Soneira. Quizais o que máis o animou a emigrar para o Val de Barcala puido ser o feito de que os seus conveciños borneiráns non lle aceptaron, no ano 1744, unha imaxe dunha Virxe do Carme por considerala “indigna de representar en un altar con señales del Carmen” (Lema Suárez 1993-III: 116). Noutras palabras: que estaba mal feita para o gusto dos veciños.



Sta. Bárbara (I. Martínez 1763) Foto XMLS

De maior tamaño (case 1 m de altura) é a imaxe de **san Cristovo** -o portador de Cristo (< do grego *Christós* ‘Cristo’ + *phorós* < de *pheréin* ‘portar, levar’)-, o simbólico Hércules cristián que leva sobre un ombreiro o neno Xesús. Segundo o erudito local Francisco Romero Lema, a festa deste santo debeuse instituír en Baio contra 1870; de feito, o primeiro documento que certifica a existencia desta imaxe neste templo data de 1887 (Lema Suárez 1993-II: 225-227). O estilo da figura responde ó eclecticismo da época; neste caso, o seu anónimo autor pretende seguir directricas barrocas de cen anos atrás. Sexa como fose, a súa festa (10 de xullo) é, xunto coas patronais de setembro, das máis importantes da parroquia, cunha gran procesión motorizada de longa tradición.

Desta mesma época é a **imaxe da Virxe María** que preside o retablo maior, tamén de estilo ecléctico. Do séc. XIX, pero aínda do segundo cuarto, é a pequena imaxe da **Virxe do Carme**. Hai tamén unha imaxe da **Virxe do Rosario**, barroca do séc. XVIII.

Do séc. XX son as outras imaxes do templo. A imaxe da **Virxe da Milagrosa**, ecléctica, foi obra do escultor compostelán José Rivas. A festa instituíuna o párroco Juan Astray en 1926; en 1930 tivo lugar unha multitudinaria procesión para conmemorar o centenario das visións de Catherine Labouré, en París, orixe desta advocación.

O mesmo párroco baiés foi quen introduciu, en 1949, a festa de **María Goretti**, “mártir da pureza”, rapaciña italiana de 12 anos que fora asasinada por un veciño en 1902 por resistirse a ser violada. O papa Pío XII canonizouna en 1950, o que quere dicir que o párroco de Baio xa a subira ós altares cando aínda era beata. A intención de D. Juan Astray fora poñela de modelo de castidade xuvenil; instaurou unha festa relixiosa que se mantivo ata a súa morte, en 1971. O día sinalado era o primeiro domingo de xullo, antes de san Cristovo e santa Bárbara; pola mañá tiñan lugar as primeiras comunións, e, pola tarde, no adro da igrexa, había diversas escenificacións teatrais relixiosas e cómicas, recitación de poesías, cancións, contos etc., protagonizadas polos rapaces e rapazas das escolas, preparados eles polo mestre Antonio Platas e elas pola mestra Carmen González.



Imaxe de San Cristovo (foto XMLS)



Fachada da igrexa nova de Baio (foto XMLS)

8.2 A igrexa nova de Santa María de Baio

O novo templo de Santa María de Baio, construído no Campo do Rollo entre 1982 e 1985 polo arquitecto madrileño José Luís Fernández del Amo, constitúe o exemplo sobranceiro da introdución na arquitectura relixiosa da comarca das correntes innovadoras do séc. XX. Segundo relatou o propio arquitecto nun artigo, tentou combinar elementos e logros da moderna arquitectura funcional con elementos historicistas, recuperando cousas de estilos do pasado, basicamente do románico.

Presenta planta de salón, formada por unha ampla nave case cuadrangular (15 m x 14,75 m) e un presbiterio de forma hexagonal integrado na propia nave. Hai tamén unha estreita nave lateral (14 x 3,40 m) na banda sur; apegada a este lado, un almacén, a sancristía e outras dependencias.

No exterior, a cabeceira deixa ver a súa forma hexagonal; no lado do nordés obsérvase un ventanal de tres fileiras verticais; no lado sur da nave, un pórtico aberto sostido por dúas columnas. A fachada (lado oeste) presenta o clásico esquema pentagonal: no eixe imaxinario que pasa polo vértice superior do pentágono superpóñense a porta principal -alintelada-, un gran rosetón baixo un arco de medio punto e unha cruz grega enmarcada nun círculo. Na esquina noroeste da fachada álzase unha esvelta e esquemática espadana, onde se sitúan as campás.

No interior, nave e presbiterio cóbrense cunha cimbra de formigón armado. Na zona central, baixo unha

simple lápida co seu nome, xacen os restos do arcebispo Maximino Romero Lema, como foi o seu desexo.

Debido á boa audición interior, a igrexa tamén se usa para concertos de música coral.



Lado leste: ábsida da igrexa nova de Baio (foto XMLS)

Deste xeito, na igrexa que fora consagrada o 10 de setembro de 1985 en presenza dos arcebispos Maximino Romero -doador dos terreos- e Angel Suquía, e do bispo Antonio Rouco (despois tamén arcebispo) hai unha intención clara de integrar a luz no espazo, coa apertura duns ventanais amplos no muro norte e no tramo nordés da cabeceira (polo norte é por onde non se recibe luz directa ó longo do día) e dunhas artísticas vidreiras policromas na parte superior do muro sur e no rosetón da fachada (colocadas estratexicamente, vidreiras e rosetón, nas partes que reciben máis luz). Do románico tenta recuperar o arco de medio punto (na fachada), as portas de linteis monolíticos sobre mochetas e os pórticos laterais abertos, ó estilo das igrexas románicas segovianas.

Malia ser de recente construción, a igrexa tivo que ser reparada en 2018, sobre todo a espadana, que estaba caendo a cachos e representaba un perigo moi serio para a xente. Neste mesmo ano iniciábanse as obras de reparación do tellado.

Entre as imaxes do seu interior, unha gran **crucifixo** pendurado no muro leste do presbiterio e unha escultura da **Virxe María**, a patroa, de autor descoñecido e seica mercada polo propio arcebispo

Romero Lema nun anticuario madrileño. Trátase dunha Virxe nai: María sentada nunha cadeira ou trono co neno sentado na súa perna esquerda. Imaxe historicista que nos trae á memoria as Madonnas italianas renacentistas ou dos icona bizantinos, que sen dúbida foron a fonte de inspiración do seu anónimo autor.



Interior da igrexa nova de Baio (foto XMLS)



9.

Rosetón da igrexa nova de Baio (foto XMLS)

PERSOEIROS BAIIESES DE SONA

Agustín Martínez Ribera (séc. XIX): retablista e escultor

Para a igrexa antiga de Baio vimos como traballaron, ademáis de escultores e retablistas de Compostela, outros da veciña freguesía de Borneiro e dunha parroquia de lonxe (Troitosende). pero tamén hai que dicir que a parroquia tamén contou cun artista instalado no seu territorio.

Ese artista, baiés de adopción -pois non nacera en Baio, senón na citada parroquia de Troitosende (A Baña)- foi Agustín Martínez Ribera, escultor e retablista que na derradeira década do séc. XVIII decidiu instalar o seu obradoiro en Baio. Sabemos que a casa onde viviu e traballou é a que hoxe pertence á familia Outeda, pois aínda conserva popularmente a denominación de “Casa do Escultor”. Está situada no rueiro dos Carballos da Botica, ó principio do Chamberín, onde se atopan outras casas de avoengo coma a de Labarta Pose, a de Vidal Ríos ou a dos Morgade Varela.

No interior do edificio aínda se poden observar formas arquitectónicas singulares, antigas, e hai anos nalgunha das súas dependencias aínda quedaban pezas de vellos retablos e restos de esculturas de madeira.



O retablo maior de Cambeda (1832) foi a obra mestra de Agustín Martínez, o escultor de Baio

Unha familia de artistas

Tras certas investigacións realizadas no Arquivo parroquial de Baio, comprobamos que Agustín Martínez Ribera era fillo do escultor de Troitosende (Val de Barcala), Ignacio Martínez e de Vicenta Ribera. O seu pai consta no *Catastro de Ensenada* como labrego e escultor; corría o ano 1753, xa tiña 39 anos e estaba casado, pero non tiña aínda fillos. Polo tanto, a data de nacemento de Agustín hai que situala bastantes anos despois desta data. Posiblemente por volta do ano 1790 Agustín Martínez casou con Theresa de Soto, que era de Serramo. O matrimonio xa se asentara en Baio nesta derradeira década do séc. XVIII, pois o seu primeiro fillo (José Antonio Domingo Martínez de Soto) nacerá na parroquia o 30 de abril de 1798, e o 23 de febreiro de 1803 van ter unha filla, María Rosa Dominga. No ano 1804 el e maila súa muller aparecen como vendedores dunha caseta en Fornelos nun documento privado redactado por un notario no Campo da Feira de Baio (A Piroga-Bamiro). Pero aínda hai máis: o noso escultor Agustín Martínez -que finaría en Baio o 5 de xullo de 1833- e a súa muller Theresa de Soto (falecida en febreiro de 1838) van ser os bisavós dotro famoso personaxe baiés: o músico relixioso Manuel Martínez Posse, de quen falaremos a continuación. Unha verdadeira familia de artistas, como se pode ver.

O escultor barcalés aveciñado en Baio rexentou o seu obradoiro de escultura e carpintería durante máis de corenta anos: del temos documentados un bo número de obras realizadas na última década do séc. XVIII e no primeiro terzo do XIX.

Atopámolo facendo pequenos traballos para a propia igrexa parroquial de Baio en 1791 e en 1809 (repara os dous retablos colaterais que fixera uns corenta anos antes -en 1763- o seu pai, o escultor de Troitosende).

Entre 1808 e 1817 construíu o pequeno retablo colateral da Virxe da Esperanza da igrexa parroquial de Nande, de estilo neoclásico, xunto coa bonita imaxe da Virxe preñada que o preside. En 1826 chámalo de San Cremenzo de Pazos para que se encargase da colocación dun retablo que viñera da Coruña en 1804, e que estaba arrombado na sancristía sen colocar; leva a cabo o traballo de colocación das pezas e constrúe outras que faltaban; cobra por todo 3.000 réas, unha apreciable cantidade para a época (véxase San Cremenzo en ‘Zas polo miúdo’).

Entre 1826 e 1832 leva a cabo a que podería ser considerada a súa obra mestra: o grandioso retablo maior da parroquial de San Xoán de Cambeda, no Val de Vimianzo, cobrando por tal cometido a nada despreziable cantidade de 7.000 reais.



A casa de Outeda por volta de 1990, coñecida como a ‘Casa do Escultor’. A construción inicial foi de Agustín Martínez, a principios do séc. XIX. Nela debeu nacer o músico Manuel Martínez Posse (foto Fuentes)

Manuel Martínez Posse (1858-1935), mestre de capela e organista da catedral de Tui

Naceu en Baio o 17 de outubro de 1858. Estudou no Seminario de Santiago e foi discípulo do mestre de capela de Compostela, Juan Trallero. En 1875 - ós 17 anos, cando aínda era seminarista-, foi nomeado organista e mestre director da capela de música do Seminario de Santiago. En 1882, cando aínda non fora ordenado sacerdote, solicita a praza vacante de organista e mestre de capela da catedral de Tui, obténdoa tras unhas oposicións¹. Ordénase sacerdote e toma posesión do seu cargo, no que permanecerá durante 53 anos, ata a súa morte acontecida na cidade tudense o 18 de maio de 1935 (dato que tamén consta nunha nota marxinal no libro de bautizados de Baio).

Tocoulle de vivir malos tempos para a música relixiosa, a causa das circunstancias políticas e o seu influxo na vida das catedrais. O Cabido tudense tivo que ir suprimindo os efectivos da capela de música ó lle iren faltando os medios para sostela. A pesar de todo, durante a súa longa estancia no cargo compuxo unha gran cantidade de obras musicais, que pola súa cualidade extraordinaria aínda permanecen vivas: os seus biógrafos considéranos autor brillante e popular á vez, que encheu todo o repertorio musical relixioso da diocese de Tui na primeira metade do séc. XX. Os historiadores musicais considéranos militante da primeira fornada da renovación litúrxica. Son de salientar as súas relacións cos católicos galeguistas da diocese tudense (escribiu himnos para Xerardo Álvarez Limeses e mais para o bispo Lago González).

A meirande parte da súa produción artística consérvase orixinal no arquivo musical da catedral de Tui, e a restante no do Seminario; aínda falta un investigador que saque a súa extensa obra do anonimato: isto contribuirá ó entendemento da música do primeiro terzo do séc. XX no sur de Galicia. A única obra que se chegou a imprimir foi o *Himno Triunfal a la Santidad de León XIII* (1926).

Tataraneto e bisneto de escultores

Manuel Martínez Posse pertencía a unha familia de artistas. Como xa dixemos, era tataraneto do escultor de Troitosende, Ignacio Martínez, e bisneto do escultor de Baio, Agustín Martínez Ribera.

Fillo deste -e, polo tanto, avó seu- fora Joseph Antonio Domingo Martínez de Soto, nado en Baio o 30 de abril de 1798, que casaría con Theresa Risco (de Cesullas), de quen tería a Ramón Martínez Risco, que habería de casar con Rosa Posse de Leis (de Soesto), que foron os seus pais. Tal como hai tempo supoñíamos, aquel escultor e este músico de Baio estaban emparentados.

En suma, a árbore xenealóxica por vía paterna sería esta:

- ⇒ Juan Ant^o Martínez (Borneiro ...? -1749), escultor
- ⇒ Ignacio Martínez Pardiñas (Borneiro 1712-Troitosende 1788), escultor
- ⇒ Agustín Martínez Ribera (Troitosende 1761-Baio 1833), escultor
- ⇒ Joseph Ant. Domingo Martínez de Soto (Baio 1798- ...?)
- ⇒ Ramón Martínez Risco (Baio ...? - ...?)
- ⇒ Manuel Martínez Posse (Baio 1858-Tui 1935), músico.

¹ Non nos cabe a menor dúbida de que Manuel Martínez chegou a coñecer persoalmente a **Frei Rosendo Salvado** (Tui 1814-Roma 1900), frade bieito fundador en 1847 da misión de Nova Nursia (New Norcia) na Australia Occidental, xa famoso e recoñecido no seu tempo pola súa valente defensa dos aborixes australianos. No verán de 1885, na súa cuarta viaxe a Europa, frei Rosendo visitou a súa vila natal, onde foi recibido apoteosicamente. Só estivo unha semana, pero por forza o baíes e o tudense tiveron que manter alguna conversa sobre o que os unía, a música sacra, pois o padre Salvado era desde moi novo un virtuoso organista.

Nas diversas historias da música galega que se publicaron sempre aparece Martínez Posse. En *La música en la catedral de Tui* (1987), de J. Trillo e C. Villanueva, malia que non se di onde naceu nin tampouco se fala da súa vida, transcríbese a letra e música de varias das súas obras: "Difuntos", "Oficio de la Horas", "Lamentaciones", "Varia en latín", "Villancicos", "Himnos en castellano", etc.

En *Historia da música galega* (1997: 123-125), de M^a Pilar Alén, salientáanse os pobres medios de que se tivo que valer en Tui o músico nado en Baio, así como o contacto que tivo nesa cidade episcopal con algúns dos máis destacados "católicos-galeguistas" -expresión de X. M. Carreira- como o bispo Manuel Lago González e Xerardo Álvarez Limeses. Esta autora tamén insiste no dispersa que está a súa obra musical, entre o Seminario e o arquivo catedralicio. Na catedral tudense hai un total de 54 obras e varios arranxos de varios autores.



Tui nunha postal de principios do séc. XX. Nesta cidade residiu o sacerdote e músico baiés Manuel Martínez Posse de 1882 a 1935, como mestre de capela da catedral

Enrique Labarta Pose (1863-1925), poeta festivo e narrador de contos

Por Xosé M^a Rei Lema²

Enrique Cándido Esteban Labarta Pose naceu en Baio o 22 de xullo de 1863, fillo de Francisco Labarta Raña e de Ramona Pose Martínez. Seu pai era boticario, e da botica que houbo na súa casa natal -casa que aínda hoxe se conserva ó abeiro duns carballos, con dous escudos nas súas paredes- quedou a denominación de 'Os Carballos da Botica' para esta fermosa paraxe da vila baiesa, talvez a zona máis antiga da parroquia. Como se pode observar, foi contemporáneo do músico relixioso Martínez Pose, veciño del case porta con porta (non sabemos se houbo algún tipo de relación entre eles).

Cando ós 21 anos lle entregaron o título de licenciado en Dereito non sabía qué facer con el. Traballou algún tempo como avogado en Baio, pero axiña decide trasladarse a Santiago e dedicarse ó xornalismo literario. En 1888 funda e dirixe a revista *Galicia Humorística* -quincenal, saíron á luz 15 números- e, ese mesmo ano, *El País Gallego*, publicación do que axiña foi relevado como director. Dous anos máis tarde crea *La Pequeña Patria* (1890) -saía cada dez días e só publicou unha ducia de números-. En 1889, grazas á recomendación do deputado liberal por Pontevedra, Alfredo Vincenti -a quen lle dedicará o seu libro de poesías en galego e castelán *Bálsamo de Fierabrás* (1889)-, ingresa como administrador subalterno na delegación de Facenda en Pontevedra, traballo que non lle habería de satisfacer moito. Tamén recibiu axuda do carballés Alfredo Brañas, teórico do rexionalismo galego de fins do XIX.

Un estudante trouleiro

Labarta estudou bacharelato en Santiago e despois a carreira de Dereito, sen vocación ningunha, simplemente por seguir unha tradición familiar, xa que os seus antecesores foran avogados "de la Real Audiencia de este Reino de Galicia". Licenciouse en 1884. Para o exercicio de grao tratou o tema da pena de morte; o tribunal -do que era secretario o catedrático Alfredo Brañas- deulle a calificación de aprobado.

Malia ser orfo e de non ter a familia moitos recursos económicos, en Santiago levou unha vida de estudante bastante bohemia, o que o fixo moi popular, así coma os seus dotes de versificador espontáneo, tanto que Pérez Lugín se inspirou nel para crear o personaxe de Barcala da novela *La casa de la Troya* (1915), especialmente por unha famosa carta en verso que o poeta de Baio dirixira a Jesús Fernández Suárez; tamén contou o seu carácter "galleguísimo", o seu desenfado, fina ironía e retranca; repárese, así mesmo, na semellanza eufónica dos apelidos Barcala/Labarta.

Na súa época de estudante en Compostela participara nas tertulias literarias da "Academia de la Juventud Católica", xunto a Alfredo Brañas, Valle Inclán, Vázquez de Mella e outros. Nestas tertulias, Labarta era sempre incitado a ler composicións: "El señor Brañas ayer,/ me dijo de esta manera:/ Haga usted un verso cualquiera/ para mañana leer".

En 1884 publica o seu primeiro libro, *Última novedad* (subtitulado "99 céntimos de versos de todas clases y arreglados a todos los gustos"), integramente en castelán, quitando un poema titulado "O orfño". Ese mesmo ano casa con Elisa Martínez del Río, estanqueira de Santiago.

Debido a este seu traballo ía residir varios anos en Pontevedra, onde mantén vivas as súas inquiredanzas literarias. Nesta cidade vai fundar tamén varias revistas, comezando con *Extracto de Literatura* (1892).

² Agradecemos a colaboración de Xosé M^a Rei Lema, un dos especialistas na obra labartiana.

Dela saíron 46 números, pero a súa importancia veu de ser a primeira publicación do Estado español en incluír reproducións fotográficas. Despois sacaría *Pasatiempos* (1894) -só saíron 4 números- e *Galicia Moderna* (1897) -quincenal; saíron 30 números-.

De 1896 data o seu libro *Millo miúdo*, que recolle os seus poemas en galego máis coñecidos. Por este tempo frecuenta as tertulias literarias da cidade do Lérez e está metido na súa vida cultural, por iso participa nunha das festas máis populares, o entroido. Froito disto nacerá unha nova publicación, *Pontevedra en 1900*, propósito carnavalesco, que sería representado ese ano con música de Isidoro Puga. Ó ano seguinte repetiría con outro propósito, *El alcalde de Matalarrana*, e tamén en castelán temos noticia doutra peza teatral, *Al planeta Marte*, zarzuela da que non se sabe con certeza a data de composición (talvez 1911). En galego publicou tamén unha peza teatral, o sainete *Unha boa misa*, que foi publicado por vez primeira nun xornal de Buenos Aires (Arxentina) en 1905.



Retrato ou caricatura da Labarta

En 1902 ascende a oficial terceiro de Facenda, grazas á protección de Eduardo Iglesias Añino, a quen lle dedica o seu libro *Adormideras*, publicado este ano. En 1904 publica un folleto no que se contén "A festa da patrona de Tabeirón", poesía en galego que fora premiada nun certame celebrado en Pontevedra en 1903. En 1905 publica en prosa *Cuentos humorísticos*, que habería de ter tres reedicións póstumas (os seus contos máis populares foron "O tío Miseria" e "O sacreto do tío Sanfona", escritos en galego).

A época dourada da súa popularidade en Galicia foi a derradeira década do séc. XIX e a primeira do XX: máis ou menos desde 1888 a 1908, ano en que publicou o poema "Morreu o poeta", dedicado a Curros Enríquez. A súa facilidade versificadora outorgoulle moitísimos galardóns literarios en numerosos certames. Foi cando compuxo as súas mellores poesías, algunhas delas galardoadas: "Revista dunha corrida ¿de touros? na vila de Noya feita por un labrego" (premiada nos Xogos Florais de Pontevedra en 1886), "¡Probe gaiteiro de Bayo!" (tamén de 1886, premiada en Betanzos e en Pontevedra), "A festa da patrona de Tabeirón" (Pontevedra, 1903).

O seu emprego funcional vaine obrigar a continuos traslados de residencia, de aí que a súa popularidade vaia decaendo ó ter que vivir fóra de Galicia, posto que nin reeditou os seus libros nin publicou outros novos, e tamén porque escribiu pouco nesta última etapa da súa vida. En 1904 trasládase a Barcelona. En 1905 está en Burgos, desde onde marcha a Valladolid e de novo a Barcelona. Contra 1911 atópase en Ourense; en Toledo en 1912; en Barcelona en 1913. En 1919 ven para A Coruña, pero ten que marchar outra vez a Barcelona en 1920. Resulta que o noso vate viviu fóra de Galicia desde 1904 a 1925 con dúas breves paréntese: a de Ourense en 1911 e a da Coruña entre 1919-1920.

Así e todo, a pesar de tanto traslado e tanta viaxe, Labarta segue colaborando en revistas e xornais. Os anos máis infecundos son os que van de 1908 a 1917. Por 1918 empeza a colaborar ocasionalmente no

El Ideal Gallego da Coruña; por esta época aparecen varios poemas seus, entre eles "N'hai millor vida que a do labrego".

En castelán, Labarta tamén recibiu galardóns literarios, pois o seu poema "Oda a la libertad" recibiu o premio de honra en Barcelona (1904), premio disputado por un total de 211 poetas concorrentes a este certame. Tamén tivo un éxito relevante a "Oda a Don Quijote de la Mancha", lida polo autor nun acto público nun teatro de Burgos, en 1905.

A súa poesía encádrase dentro da liña costumista de fins do XIX e principios do XX, aínda que incorpora certos elementos do modernismo, de moda na época. As notas máis salientables son o humorismo -presente tamén na súa prosa-, a intención satírica e o agudo enxuízamento de tipos e costumes. A "Revista dunha corrida ¿de touros?... en Noia" é un bo modelo de caricatura humorística (neste caso sobre o escaso apego dos galegos polas touradas, o ridículo que resulta en Galicia este espectáculo sangrento), e os costumes e o colorido das romarías descríbense atinadamente n'"A festa da patrona de Tabeirón". Atrévase en certas ocasións coa sátira social en poesías reivindicativas e de certa denuncia política, en consonancia coa reivindicación agrarista da época, como en "N'hai millor vida qu'a do labrego" (1918), pero sentimentos emotivos coma a morte na emigración van ser os dominantes nos seus versos (por exemplo: "¡Probe gaiteiro de Baio!"). Non falta unha visión vigorosa de Galicia no que para Varela Jácome é o seu poema máis logrado: "Morreu o poeta", dedicado a Curros.

Morreu en Barcelona o 13 de maio de 1925, como consecuencia do descarrilamento dun tren, acontecido o 9 de abril anterior. Aínda non chegara ós 62 anos. A prensa galega dedicoulle grandes eloxios ó seu labor literario.

Homenaxes

No terceiro cabodano da súa morte (13 de maio de 1928) recibiu unha homenaxe promovida polos notables de Baio, que publicaron un folleto -sen dúbida escrito por F. Romero Lema- loando a súa figura literaria no que se manifesta a intención de colocar unha placa conmemorativa na súa casa natal, ou un busto nunha praza que ía levar o seu nome (no lugar denominado "Os Carballos da Botica",

Os estudosos da obra de Labarta

A súa obra mereceu a atención de múltiples investigadores: desde Couceiro Freijomil, Prudencio Landín, Carré Aldao, pasando polo seu paisano Francisco Romero Lema (que chegou a tratalo en vida), ata outros máis achegados a nós coma Carballo Calero, Varela Jácome e Xosé M^a Dobarro. Pero o meirande editor labartiano é o filólogo malpican Xosé Manuel Varela Varela, que estudou a súa obra completa: presentou a principios de 1994 na Universidade da Coruña a primeira tese de licenciatura sobre este escritor soneirán, traballo que foi publicado en tres tomos por Edinosa (A Coruña): *A poesía galega de Henrique Labarta Pose: Estudio, cronoloxía e bibliografía* (1995), e *A poesía castelá I e II* (1995).

Neste mesmo ano, Varela Varela editaría -en colaboración con X. M^a Lema-, así mesmo, a súa narrativa en galego (*Contos*; Ed. Galaxia, 1995). Como se ve, 1995 -coincidindo co seu setenta cabodano- foi o grande ano para lembrar a obra de Labarta, pois as asociacións culturais baiesas celebraron algúns actos na súa honra, e reclamaron da Real Academia Galega unha próxima dedicatoria do Día das Letras Galegas.

Xosé M^a Rei Lema conseguiu localizar a única obra teatral de Labarta, o sainete *Unha boa misa*. O grupo teatral Badius representouna en Baio en 2013.

Outro labartiano confeso foi José Rojo Valiña, de quen falaremos máis adiante, que loitou polo recoñecemento do escritor.

diante da súa propia casa). Pretendían traer para o camposanto de Baio os seus restos mortais, e tamén se pensaba denominar "Enrique Labarta" o primeiro grupo escolar que se fixese na parroquia (haberá que agardar aínda uns cincuenta anos para iso: o 25 de abril de 1975 o C. P. de Baio recibe oficialmente o nome de "Labarta Pose").

Unha escola que a entidade de emigrados en Buenos Aires "Hijos del Partido de Corcubión" construiu en Pasarela (Vimianzo) tomou o nome de "Enrique Labarta" (gravado nunha placa de mármore), que tamén lle foi imposto a unha céntrica rúa de Pontevedra en lembranza dos anos que o escritor pasou nesta cidade. Tamén en Carballo hai unha rúa co seu nome. A súa vila natal nunca o deu a esquecemento, pois, ademais de darlle o seu nome ó colexio público e a unha praza, a primeira asociación cultural que se fundou (contra 1970) recibiu o nome de "Labarta Pose", e a actual asociación de veciños tomou o de "Tabeirón", denominación metafórica de Baio na famosa poesía. Tamén en Carballo hai unha rúa co seu nome.

Aínda que foi escritor bilingüe, a súa obra máis popular foi a escrita en lingua galega, pola cal goza dun lugar apreciable na Historia da Literatura Galega. O vate baiés gozou de moita popularidade entre os seus paisanos, e aínda hoxe se lembran en Baio anécdotas súas, transmitidas de pais a fillos. Algunhas das súas poesías viñeron sendo aprendidas de memoria de xeración en xeración para seren recitadas en actos culturais e festivos..

Desde hai anos existe unha Comisión Pro Día das Letras Galegas para Labarta Pose que segue reclamando á RAG o seu nomeamento. Presídea o físico e académico correspondente da RAG Jorge Mira, e está integrada por homes e mulleres de Baio, Zas e doutras vilas da Costa da Morte.



Teodoro Morgade (1915-1935), poeta intimista morto na flor da mocidade

Por Xosé M^a Rei Lema

Teodoro Morgade Varela³ viu a luz na vila de Baio o 2 de xuño de 1915, e morreu afogado, a pouco de facer os 20 anos (o 21 de xullo de 1935), no mar da Coruña coma o poeta Aguirre, como consecuencia dunha malfadada excursión en piragua da praia de Santo Amaro á do Orzán.

Morgade fixo o bacharelato na Coruña e cursou a carreira de Farmacia na Universidade de Santiago, estudos que non puido rematar. Na súa época de estudante universitario participou activamente en movementos políticos de tendencia democrática e galeguista, como a Federación Universitaria Escolar (FUE) e a Federación das Mocidades Galeguistas (FMG).

Soamente dous íntimos amigos seus -os (anos despois) académicos Marino Dónega e Jenaro Mariñas- coñeceron a súa calada dedicación poética, na que se advirten, segundo Xosé Luís Méndez Ferrín, influencias dos tamén poetas galegos Amado Carballo e Manoel Antonio: "poemas sumamente sensoriais e lúdicos, que revelan unha limpeza tal de execución que nos fai pensar no que habería de ser unha ditosa madurez poética posterior a 1936".

En 1963, case trinta anos despois da súa morte, os seus amigos Dónega e Mariñas editaron un *Cartafol* coas súas poesías e poemas en prosa, de tan só un cento de exemplares. Marino Dónega fixera un emotivo "Limiar" deste *Cartafol. Versos e prosas inéditos* de Teodoro Morgade, tomadas dalgunhas cartas dirixidas por el ós seus amigos; nesta introdución desvela a personalidade do poeta: modesto, sensitivo, silencioso... "Facía versos e deseños, inda que ninguén o soubera. Só dous amigos sabían do poeta e debuxante (...). O Morgade adolescente sentiu latexar nel o amor, a primavera, o mar, a lúa, a choiva, a terra... A eterna canción. Logo, non importa que a súa, como en definitiva toda poesía, fora de circunstancias. El sabía gozar no envés dos soños. E abóndanos como proba do que fixo, e do que puido facer, este mozo segrel que foi Teodoro Morgade".

Sentiuse engaiolado sobre todo polo mar, precisamente o mar, un mar que premonitoriamente el, nunha das súas poesías, chamou "amigo", pedíndolle que catara os seus ollos fríos "dunha sede de ondas/salgadas de infindos".



O poeta Teodoro Morgade Varela

³ Teodoro Morgade era fillo de dona Lucinda Varela, señora ben xenerosa e desprendida, pois en 1957 cedeu unha leira que tiña en Bamiro, ó carón da estrada xeral AC-552, para que nela xogasen ó fútbol os mozos de Baio: foi o histórico **Campo do Balsiño**, utilizado polo C.D. Baio durante máis de corenta anos gratuitamente. O único pagamento que admitiu foi unha misa anual na memoria do seu nunca esquecido fillo Teodoro. Dona Lucinda finou en 1968, pero as súas fillas seguiron respectando o seu legado.

"Ti e mais eu atopámonos
mar de Fisterre
todo cortado de silenzos
convulso en arelas de pedra dura
morno de tantos luceiros
no teu van deitados
coa verde sangue
en algas realizada, ti mar
prenitude d'espellos vivos!

I eu cos meus ollos
en dores divididos,
sonámbulos de transparencias,
esposos dunha sangue
parada,
cantiga de terra anerga, en
adolescencia de meridiáns!

Mar amigo
cata meus ollos fríos
dunha sede de ondas
salgados de infindos."
(T. Morgade, ca. 1935).



No centro, dona Lucinda Varela e D. Teodoro Morgade, pais do poeta e benfeitores do C.D. Baio, reciben a visita de varios veciños de Baio (o mestre Antonio Platas entre eles) [foto cedida por Consuelo Bermúdez, desde Buenos. Aires-Rep. Arxentina]

Xosé Collazo Martínez (1880-1962), o canteiro-poeta da emigración americana Por Xosé M^a Rei Lema

Xosé Ladislao Collazo, ou *Pepe de Rosa*, como era coñecido popularmente -pois era fillo de Rosa Collazo-, naceu en Baio o 24 de xuño de 1880. Casaría o 8 de setembro de 1901 con María Rojo Valiña, filla de Manuel e de Rosa e irmá de Juan Rojo Valiña (de aquí a estirpe baíesa dos de Xan de Rosa). Contra 1912, cando tiña uns 33 ou 34 anos, quedou viúvo con catro fillos e, ó non ter aquí un futuro claro, decidiu emigrar coa súa familia á Arxentina. Instalouse en Buenos Aires e traballou ata a súa xubilación como canteiro para a Municipalidade porteña.

Pepe de Rosa mantivo moita actividade cultural nos círculos galegos da capital arxentina. En 1922 fúndase a *Asociación Benéfica y Cultural del Partido de Corcubión* (ABC de Corcubión), e axiña vai Pepe formar parte dela, non só como socio senón como un dos directivos máis destacados. Por estas datas vai ser cando empece a publicar as súas poesías populares en lingua galega, primeiro na revista *Alborada* desta asociación, e, despois, nos anos cincuenta, en *La Unión de Teo y Vedra*.



Pepe Collazo

Un canteiro moi instruído...

Nesta carta enviada ó seu amigo baíes Roberto Veloso, que deixara Buenos Aires para retornar a Galicia en 1957, podemos ver as inxerencias culturais do canteiro-poeta Pepe Collazo, inusuais para os emigrados da época.

«Señor Roberto Veloso. Mi estimado amigo: Me alegro que al recibo de esta te encuentres con salud en compañía de tus seres queridos en la celebración de las fiestas patronales. También yo desearía estar a tu lado, pero esperemos que algún día no lejano estaremos juntos.

Nosotros queremos ver las campiñas, pero hay que reconocer que el alma de Galicia está en Buenos Aires. Hasta tenemos aquí la biografía y la historia de Xan de Valencia. Tu has conocido aquí al gaiteiro Fresco de Braño, que nadie de tu edad lo conoce en Bayo. Tu sabes que aquí a tres cientos metros donde yo tengo mi cama están los centros Lucense, Orensano Hirmandade d'a Fala, Pontevedrés y las diversiones gallegas más importantes de Galicia, y tantas otras asociaciones que no se podrían describir en una misiva como ésta. Aquí he conocido al hombre más grande de Galicia y del mundo: Curros Enríquez, despues de Jesús el único hijo de Dios es Manuel Curros. ¿Quién lo conoce en Bayo? ¿Quién conoce a Lamas Carbajal? Me atrevo a decir que en Bayo no se conoce a Labarta. Porque para conocerlo hay que saber interpretar sus doctrinas: "¿Y si todos somos locos, que son los del manicomio?", como pensaba Labarta de este mundo perverso cuando estaba esperando una vacante de gato para ocuparla él, dándole mas valor que a la de un oficial de Hacienda.

Como te dije, hace 25 años que publiqué unos versos a la Virgen del Carmen del Briño, que volveré a publicar en breve sin modificación alguna y te mandaré una fotografía sacada en el campo del Briño donde hay mucha gente conocida, alguna también que ya pasó a mejor vida. (...)»

José Collazo. Buenos Aires 25 de agosto de 1957

ran as súas unhas poesías costumistas, moi populares, idilicamente evocadoras das paisaxes, festas, romarías e personaxes do seu Baio natal, dos seus arredores e de toda a Terra de Soneira. A morriña da terra nai, dos eidos nativos, sáelle por todos os poros. Na revista *Alborada* publicou 16 poemas, doce en galego e catro en castelán; o primeiro data de 1926 e o último de 1948. O seu debut foi cun acróstico dedicado ó banqueiro e periodista corcubionés Pepe Miñones, cando este fixera unha sonada visita a Buenos Aires en 1926 (Lamela; 1991: 98). Despois virían outras composicións con claras referencias á súa terra: “Anque vou e veño a Laxe...”, “O Carme do Briño”, “A musa da miña aldea”, “Unha virxe laxeirana”, “Lembranza (polas beiras de Muxía)”, “Foliada... por ir á festa ás Pereiras”, “Adiós val de Vimianzo”, “Río da Ponte do Porto”, “A Virxe de Montetorán” etc.

Na década de 1950 publicará oito poemas na revista de *La Unión de Teo y Vedra*, catro deles xa coñecidos e outros catro novos, como “Os feligreses de Baio desgabaron a San Pablo” ou “Como era domingo da Barca en Baio”. Tamén nos deixou outra poesía en castelán, de tema relixioso e moi moralista (“Donde impera el cristianismo no halla lugar la venganza”), que publicou no *Correo de Asturias* en 1942.

Collazo era de ideoloxía liberal, e nos anos da Guerra Civil española as súas simpatías estaban na causa republicana. Polos anos corenta e cincuenta procurou arredarse daquelas asociacións galegas que consideraba manexadas por persoas de ideoloxía franquista.

Home moi activo dentro da colectividade galega, pois frecuentaba varios centros de emigrados. Pero o seu labor estivo sempre encamiñado cara ó seu Baio natal. En 1927 organiza no seo da ABC de Corcubión unha homenaxe e unha recadación para erixirlle un busto a Labarta Pose ó pé da súa casa, e como secretario da citada asociación propón que a segunda escola que se cree na comarca leve o nome do escritor baiés. Esta escola construírase en Pasarela (Vimianzo), e recibirá, en efecto, o nome de Enrique Labarta. Tamén moverá fíos para que a proxectada escola que a ABC vai construír no concello de Zas se faga en Baio, ó mesmo tempo que funda e dirixe o comité-homenaxe ó mestre baiés José Agra Regueiro. A Guerra Civil impediu a construción do agardado centro escolar en Baio, pero o

ánimo de Collazo non decaeu e cando a situación política en España o permitiu retomou a súa idea, e a mediados da década de 1940 rexurdiu o Comité de homenaxe a Agra Regueiro, que nos comezos da década seguinte recibiu o impulso necesario coa recadación de



Pepe Collazo, Roberto Veloso e moitos emigrados baieses na Arxentina enviaron cartos para a construción das escolas Agra Regueiro, inauguradas en 1954 (foto EDR)

cartos para levantar un grupo escolar en Baio. Finalmente, o seu proxecto viu a luz en 1954, coa construción das Escolas “Agra Regueiro”, que contou coa colaboración desinteresada dos veciños da parroquia de aquí e de alá (abonda sinalar o lema da súa fachada: “COSTEADAS POR EL PUEBLO”).

Faleceu en Buenos Aires en 1962, ós 82 anos.

Roberto Veloso, cofundador das Mocedades Galeguistas de Buenos Aires

Os datos que de Collazo aquí transcribimos (e as copias das súas poesías) débémolos ó baíes **Roberto Veloso Gómez** (1919-2010), quen o tratou durante a súa época de emigrante en Bos Aires. Por ser amigo de seu pai (Modesto Veloso), Pepe de Rosa fora quen o reclamara -era a forma de poder arranxar os papeis para emigrar- e mesmo pasara na súa casa porteña os oito primeiros meses.

Tamén Veloso Gómez mantivera unha intensa actividade galeguista durante a súa estadía na Arxentina (de 1949 a 1957), pois fora un dos fundadores, en 1953 (tiña daquela uns 34 anos), das Mocedades Galeguistas da capital arxentina, xunto con outros mozos e mozas galego-arxentinos de ideoloxía galeguista. Dáse a circunstancia de que en 1954 coincidiran Roberto Veloso como presidente e o futuro gran escritor Xosé Neira Vilas como secretario destas Mocedades, que tan activas foran na emigración na defensa da lingua e cultura galegas cando en Galicia estaban proscribas polo réxime franquista (véxase B. CUPEIRO; 1989: 179-194). Contra 1954 Roberto Veloso tamén colabora activamente no comité recadador de fondos na Arxentina para as escolas Agra Regueiro de Baio.

En 1957 regresaría a Galicia. Uns anos despois casaría con **Carmen Balboa López**, mestra de Bamiro (de 1961 a 1973), e despois do grupo escolar Labarta Pose de Baio (de 1973 a 1980). Esta muller conta, así mesmo, cunha biografía digna de ser novelada: De feito, varios historiadores xa a teñen citado nas súas obras. Carmen era a irmá menor de Benjamín Balboa, ex-subsecretario do Ministerio da



Roberto Veloso e Carmen Balboa

Mariña de Guerra da República española, quen, por unha audaz acción persoal, evitara que a Armada non se adherira ó golpe militar de 1936 manténdose fiel ó lexítimo Goberno republicano. No libro de Daniel SUEIRO, *La flota es roja: papel clave del radiotelegrafista B. Balboa en julio de 1936* (Barcelona, 1983), cóntase esta decisiva acción e a dramática historia desta familia malpicán: o apelido Balboa era odiado tanto por Franco coma por Carrero Blanco. Xa rematada a guerra, o 29 de maio de 1939, sería fusilado en Cartagena outro irmán de Carmen, José Balboa López, sen que o Xefe do Estado e a súa muller atendesen para nada as desesperadas eticións de clemencia (SUEIRO; 1983: 272-276). Contra 1946, Carmen Balboa, moza ben arriscada -que tiña outro irmán, Jesús, fuxido- era o enlace en Santiago da IV agrupación dos guerrilleiros antifranquistas; cando o seu xefe Manuel Ponte cae abatido, Carmen é detida e pasa dous anos na cadea (véxase LAMELA; 1992: 56-68, e ASTRAY RIVAS; 1992; 153-155). Carmen Balboa, que sempre se mantivo fiel ás súas ideas, finaría na Coruña o 21-4-1998.

Coidamos que estes detalles da vida de dúas persoas que tantos anos compartiron cos veciños de Baio tamén son dignos de coñecer, aínda que sexa dun xeito tan breve.

Roberto Veloso deixou no seu testamento unha importante cantidade para a instalación do reloxo

exterior da fachada das Escolas Agra Regueiro -que xa debía estar desde 1954- e toda a súa biblioteca para a A. de VV. Tabeirón.



Rúa Romero Lema, a principal de Baio (foto EDR)




Paseo fluvial e carril-bici, da Carballeira da Devesa á ponte, inaugurados o ano 2007
(foto XMLS)

Xosé Romero Lema (1901-1927), galeguista e amigo do poeta Manuel Antonio

Convocada polo xornalista Antón Vilar Ponte, o 18 de maio de 1916 tivo lugar na Coruña a primeira xuntanza das Irmandades de Amigos da Fala, que tiñan como obxectivo a defensa, exaltación e fomento da lingua galega en todos os ámbitos. O 28-5-1918 constituíriase a Irmandade de Santiago; en 1917 nacen as de Ferrol, Vigo e Mondoñedo; en 1918 as da Estrada, Vilagarcía, Ortigueira, Muxía e Lugo, e nos anos seguintes outras ata un total de 28. Nelas fóronse integrando persoeiros coma Ramón Cabanillas, Vicente Risco, Otero Pedrayo ou Castelao. Ademais de se comprometeren co idioma, tamén se declararon nacionalistas, por consideraren que Galicia reunía as características propias dunha nación.

Gonzalo López Abente estaba, sen dúbida, detrás da Irmandade de Muxía; fóra del non sabemos de ningún intelectual máis das comarcas das Costa da Morte comprometido coas Irmandades, pero si dun mozo estudante en Santiago que acolleu a súa fundación con verdadeiro entusiasmo. Trátase de **Xosé Romero Lema**, nacido en Baio o 13 de xaneiro de 1901.

Pepe Romero foi compañeiro de estudos de bacharelato en Santiago do rianxeiro **Manuel Antonio Pérez Sánchez**, futuro renovador vangardista da poesía galega, aínda que quizais os dous xa se fixeran amigos en Baio, pois a nai do de Rianxo (dona Pura) fora mestra na veciña parroquia do Allo (Zas) de 1910 a 1916⁴. Despois de remataren o bacharelato seguiron comunicándose por carta. Na recente obra do académico da RAG Xosé Luís Axeitos, *“Manuel Antonio. Obra completa. Epistolario”* (2015) transcribíense catro cartas enviadas a Baio polo rianxeiro e once remitidas polo baiés a Rianxo, todas escritas en galego.



Catro dos irmáns Romero Lema: Pepe, Perfecto, Germán e Paco (foto cedida por J.A. Martínez Romero)

Polo que se pode observar neste epistolario, Pepe Romero era un mozo amigo das festas, pero tamén preocupado pola política e a cultura⁵. Nas misivas manifesta ás claras a súa ideoloxía republicana e galeguista, e empeza a comprometerse coas incipientes Irmandades da Fala que se estaban creando. Mesmo semella que ía un paso por diante do rianxeiro, pois é el quen lle dá información e quen trata de atraelo ó novo e

⁴ Véxase o que escribimos sobre Pura Sánchez na parroquia do Allo (www.concellodezas.org → ‘Zas polo miúdo’).

⁵ E quizais tamén polo deporte, pois na memoria oral baeisa quedaba hai anos a lembranza de que os dous irmáns máis vellos dos Romero Lema -Perfecto e Pepe- foran dos primeiros que lles daban patadas a un balón en Baio, no chamado ‘Campo do Fubol’ -así pronunciado- da Cacharosa, contra 1920. Poida que fosen eles os fundadores do Soneira C.F. baiés, que lle disputaba ó Ball Soneira de Vimianzo o nome histórico da comarca (Rei Lema / Lema Suárez 2015: 24).

ilusionante movemento intelectual galeguista. Na carta do 20-7-1918 dálle o enderezo na Coruña do periódico *A Nosa Terra*, voceiro das Irmandades, e noutra datada en novembro de 1919 relátalle polo miúdo a “xuntanza escolar nazonalista” que o 26 deste mes se fixera en Santiago, á que Romero asistiría:

«Presidía o auto o concexal do Axuntamento señor Vazquez Enriquez, quen nos presentou o noso querido irmán Villar Ponte como representante d-a Irmandade da Cruña, co tipo d’Anarquista que se gasta o velo de lonxe xa metía respecto, (...). Falou despois Fray Salvador que estivo bastante ben (...); falou logo Pita Romero qu’estubo moi ben; e por derradeiro Vázquez Enriquez qu’o estropeou todo por falar en castelán disque non sabía falar o Gallego (que vergonza) diso alí unhas cantas cousas e levantouse a sesión co-as seguintes conclusións: 1ª Pedirlle o Goberno o creamento d’unha cátedra de Literatura e Lingua Gallega. 2ª. Pedirlle a Autonomía integral pra Galicia».

O baiés remata a epístola co lema “Coma en Irlanda érguete a anda”, que anos atrás pronunciara o catedrático carballés Alfredo Brañas. Semella que era “máis botado para adiante” politicamente có rianxeiro, pois nunha carta anterior que lle enviara o 20-6-1918 remataba cun rotundo “Viv’a República. A for’a Aristocracia”.

Xosé e Manuel seguíronse carteando polo menos ata 1922. Despois só aparece no libro de Axeitos unha carta remitida desde Caldas de Reis o 24-7-1925. Quizais fose a derradeira. O baiés dille nela que estivera moi enfermo, cunha doenza “que os médicos chaman bronquites gripal”, da que lle quedara unha afonía que non daba curado, e por iso fora tomar as augas caldesas. Pídelle que lle faga unha visita, que non sabemos se se chegou a realizar ou non.

A fatalidade quixo que os dous amigos, nados case a un tempo, a canda o século, morreran na flor da mocidade, antes de chegaren ós trinta anos. O de Baio ós 27 anos, na Serra do Guadarrama-Madrid, o 29-9-1927, a onde o levaran os pais por recomendación médica coa esperanza de que o aire puro da serra favorecese a curación. O de Rianxo finaría ós 29 anos na súa vila natal: o 28-1-1930), e da mesma enfermidade, a tuberculose, doenza mortal na época, truncándose así dúas grandes esperanzas para a cultura galega.

Francisco Romero Lema (1903-1972), cronista local, estudoso da obra de Labarta, defensor da patria galega de Colón e importante lexicógrafo⁶

Ramón Francisco Romero Lema naceu en Baio o 29 de marzo de 1903, e morrería, ós 69 anos, como consecuencia dun accidente de automóbil, o 9 de decembro de 1972 na mesma vila. Estudou Filosofía e Letras na Universidade de Santiago, licenciándose en 1926. Durante a súa etapa universitaria tomou parte dun dos acontecementos máis importantes na cultura galega da época: a fundación do Seminario de Estudos Galegos (SEG) en outubro de 1923, na casa do seu profesor Armando Cotarelo Valledor, onde se redactaron os estatutos. Asinaron con el a acta fundacional compañeiros que logo serían moi recoñecidos en diversos ámbitos culturais: Fermín Bouza-Brey, Xosé Filgueira Valverde, Manuel Magariños Negreira, Ramón Martínez López, Xosé Pena e Pena, Wenceslao Requejo Buet, Lois Tobío Fernández e Alberto Vidán Freiría. Non obstante, Paco Romero non chegou a ser membro de feito do SEG, pois non presentou o traballo de ingreso. Como despois se publicarían diversas versións das circunstancias da fundación, el tamén deu a súa, redactada en agosto de 1966 e inédita ata hai pouco tempo (cfr. Rei Lema, 1999).



Francisco permaneceu na casa patrucial da Cacharosa, solteiro, observando os cambios e aconteceres da súa vila de nacemento, entre os seus libros e os seus escritos. As súas saídas eran para ir á misa dominical xa que, segundo nos contou no seu día o seu sobriño Modesto Castiñeira Durán⁷, era un home moi relixioso (na casa rezaban o rosario todas as noites) e moi devoto da Virxe, en concreto da que se venera na ermida de Monte Torán, sita na veciña parroquia de Bamiro. Tal era o seu aprecio por ela que o primeiro pseudónimo que utilizou foi Félix Torán. Posteriormente empregará un segundo pseudónimo: Rosendo Ruiz.

A lectura na súa mocidade dun artigo, posiblemente de Celso García de la Riega ou de Luciano Rey Sánchez, que lle atribuíu a Colón unha orixe galega, fixo que espertase nel un especial interese en demostrar tal feito, tarefa á que, segundo Castiñeira Durán, dedicou o resto da súa vida. Baseou a súa teoría en certos detalles lingüísticos dos escritos do almirante, inzado de galeguismos, rebatendo a Menéndez Pidal, que falaba de portuguesismos. Os resultados das súas investigacións van aparecer publicados na prensa galega durante a década dos cincuenta. Utilizando sempre o pseudónimo de Rosendo Ruiz publica no *Faro de Vigo* "Un galleguismo de Colón" (19.6.1951), para pasar logo a *La Noche*, onde baixo o epígrafe "Folletón de Rosendo Ruiz", aparece "La Lengua de Colón" (25/28/30.4.1953 e 2.5.1953) e "Galleguismos de Colón" (28/29/30.12.1959 e 1/2/4.1.1960). Estes artigos, xunto cun inédito "Algo más sobre Colón" recolleraos en 1969 nun pequeno opúsculo titulado *La lengua de Cristóbal Colón*, edición sufragada por el mesmo.

⁶ Os datos desta biografía tomáronse da máis completa que realizou Xosé M^a Rei Lema na 'Introdución' do *Vocabulario de Soneira* de F. Romero Lema (RAG, A Coruña, 2000, pp. 13-21). O seu primeiro artigo biográfico foi o publicado por Braulio Pérez Astray en 1992 (ver bibliografía).


⁷ Falecido en febreiro de 2003.

As pesquisas sobre o léxico do almirante foron o punto de partida para que se dedicase a elaborar un vocabulario comarcal, da Terra de Soneira, recollendo aquelas voces que lle oía non só ós seus veciños, senón tamén ós das aldeas de arredor. Contaba para esta tarefa coa estimable colaboración do noso informador, Modesto Castiñeira Durán, quen desde o ano 1960 o levaba nun turismo a aqueles lugares que consideraba de interese. O método que empregaba Romero Lema era moi peculiar: unha vez chegado ó lugar desexado enviaba ó seu familiar a falar coa primeira persoa que atopasen (pois a el fuxíanlle debido ó seu porte de "intelectual" antigo: barba, chapeu, gravata...), e unha vez trabada confianza achegábase el co fin de, a través da conversa, oír da boca do veciño a palabra esperada; unha vez pronunciada procuraba rematar canto antes aquel encontro. Outras veces conseguía a información sen ter que desprazarse, pois intentaba falar coa xente que por diversos asuntos visitaba a súa casa. As investigacións duraron ata o momento da súa morte, ampliando o seu campo de acción ás comarcas veciñas (Bergantiños, Xallas...), talvez para confrontar as diversas variantes.

O seu afán recompilador non quedou só no léxico, senón que tiña elaborado un compendio de refráns e outro de cantigas populares, entre as que destacan as dedicadas á Virxe da Barca, que vai publicar baixo o pseudónimo de Rosendo Ruiz en *La Noche* (21/22/28/30.12.1960). Así mesmo, deixounos un artigo moi curioso sobre a reforma da ortografía do castelán.

No ámbito da literatura escribiu sobre a vida de Manuel Antonio, a vida e obra de Pepe de Xan Baña, sobre a famosa glosa que o cura de Fruíme lle dedicou a Antonio Rioboo e Seixas ("Ai do Allo, ai do Allo..."); da mesma maneira, realiza correccións ós ripios que, segundo el, contén o famoso poema de Pondal "A campana de Anllóns", e fai un estudo das *Décimas ó Apóstolo Santiago* de Martín Torrado, todos eles inéditos, agás este último que publicou no *Boletín de la Real Academia Gallega* (tomo XXX, nº 345-350, A Coruña, decembro de 1968, pp.17-21).

Pero o escritor que maior interese espertou nel foi o seu veciño e amigo Enrique Labarta Pose, con quen mantivo correspondencia, sobre todo nos anos en que o "troiano" habitaba en distintas poboacións españolas (Burgos, Valladolid, Barcelona...). Continuaron as relacións epistolares co seu fillo Enrique Labarta Martínez, nas que se aprecia o interese de Romero pola reedición e difusión das obras labartianas (cfr. Labarta Pose, 1995: 556-561). O primeiro texto que escribiu sobre Labarta foi con motivo da homenaxe que o pobo de Baio lle fixo no seu terceiro cabodano (13.5.1928), na que pronunciaron discursos os persoeiros máis relevantes da vila, entre eles o avogado Germán Romero Lema, irmán do noso autor. Na súa alocución, Francisco Romero enxalza e analiza as máis famosas composicións do escritor baiés [Este discurso foi publicado nun pequeno libríño pola tipográfica de *El Ideal Gallego*]. Entre os seus



Paco Romero defendeu o berce galego de Cristovo Colón nesta obra

artigos inéditos figura "La crítica de Varela Jácome", no que rebate ó emérito profesor por considerar ripiosas algunhas das composicións de Labarta, e, tal era a súa desconformidade coa edición que este filólogo fixo das poesías e contos labartianos, que chegou a afirmar que "tales libros no deben figurar en ninguna biblioteca". Tamén está presente Labarta en numerosos artigos que publicaba con motivo das festas e Baio, tanto nos folletos conmemorativos como na prensa (*La Noche*, 14.5.1954; *La Voz de Galicia*, 7.9.1963). Para rematar co campo da literatura, hai que sinalar que Romero fixo pequenos intentos de creación poética, deixándonos tres composicións tituladas "En la inauguración del teléfono en Bayo" (novembro de 1930), "Janua Coeli" (xaneiro de 1931) e o soneto "A Bayo" (a primeira vez que o atopamos foi ó lado do artigo de *La Voz de Galicia*, arriba citado).

A súa preocupación intelectual levouno a mostrar interese tamén pola xeografía e historia de Galicia ("El chaflán gallego", "La etnia de Galicia" e "Galicia irredenta" -a das comarcas non galegas de fala galega, quizais influenciado polo seu mestre Armando Cotarelo, natural da zona asturiana do Eo-Navia-) e, máis concretamente, pola historia de Baio, pois deixounos unhas notas de grande interese histórico tituladas "Bayo en el Siglo XX". Nelas foi anotando ano a ano, desde a súa infancia, os pequenos cambios que ía observando (grosso modo, de 1900 a 1970), e así sabemos cando chegou o primeiro automóbil á comarca, cando se escoitou a primeira radio ou a primeira televisión, cando se instalou o telégrafo, o teléfono, a luz eléctrica, etc. (a maioría foron publicados en Lema Suárez, 1989).

Paco Romero non puido ver publicada en vida a que para nós é a súa obra máis importante: o ***Vocabulario de Soneira***, publicado pola Real Academia Galega o ano 2000 con edición e notas de Xosé M^a Rei Lema. A época que lle tocou vivir non era moi propicia para a publicación de estudos sobre o galego e el seguro que nin sequera o intentou. Polos seus sobriños tiñamos noticias vagas da existencia de papeletas soltas sobre o léxico soneirán. Alí continuaron durante case tres décadas, ata que as buscou e ordenou alfabeticamente nada menos que o seu irmán o arcebispo D. Maximino, entre 1995 e 1996, poucos meses antes do seu falecemento⁸.



Na súa obra póstuma, *Vocabulario de Soneira* (2000), F.R.L. demostrou a súa valía como lexicógrafo

⁸ No prólogo ó *Vocabulario de Soneira*, da autoría de X. M^a Lema Suárez (X.M.L.S.), nárranse polo miúdo as circunstancias que propiciarian a afortunada recuperación das papeletas. Foi a raíz dunha visita que este, acompañado de seu pai, realizou en setembro de 1995, na casa familiar da Cacharosa, a monseñor Romero, acabado de chegar de Roma. Na conversa falouse ocasionalmente das papeletas de don Paco, extraviadas nalgún cornecho da biblioteca ou xa perdidas. En setembro do ano seguinte D. Maximino tiña unha carpeta preparada con elas ordenadas alfabeticamente, que entregou ó seu sobriño José A. Martínez Romero para que llas fixera chegar a X.M.L.S., quen despois llas pasaría a Xosé M^a Rei Lema para o seu estudo ó considerar que era traballo dun licenciado en Filoloxía. A proba da importancia deste vocabulario comarcán inédito estivo no interese que puxo a RAG para publicalo, cunha presentación do académico numerario Manuel González, que acudiu á presentación do libro en Baio o 22.07.2000

O manuscrito consta de 144 follas (22 x 16'1 cm.) escritas a bolígrafo por un só lado na súa maioría (só en doce continúa polo reverso), aínda que empregaba a outra cara para posteriores engadidos. As follas aparecen numeradas na parte superior dereita e esta numeración é particular de cada letra.

As entradas están ordenadas alfabeticamente, aínda que presenta algúns erros de colocación. Cando isto ocorre o autor adoita empregar signos gráficos, como frechas a carón das formas descolocadas sinalando cara ó punto correcto da súa situación que virá indicado cunha raia. Usa tamén a raia para chamar a atención de engadidos na parte posterior. O número de entradas é de 4049, que se reparten entre as 409, 377 e 367 de *p*, *a* e *r* ata as 26, 5 e 2 de *h*, *ll* e *ñ*, respectivamente⁹.



Unha das primeiras papeletas manuscritas de F.R.L. do *Vocabulario de Soneira*.

O vocabulario foi recollido, grosso modo, entre 1950 e 1972, e chama a atención pola súa vontade normativa, pois a maior parte das entradas escolleitas non difiren moito dos dicionarios normativos actuais do galego e adáptanse sen maiores dificultades á normas ortográficas oficiais da RAG. Quizais F.R.L. foi un adiantado no seu tempo. Aínda que escribía en castelán tamén vía a necesidade dunha normativa ortográfica común para a lingua galega, e cómpre termos en conta que cando finou tan só levaba uns anos funcionando a cátedra de Lingua Galega da USC e apenas botara a andar o Instituto da Lingua Galega (ILG). Rei Lema, o editor e comentarista desta obra, chegou a rexistrar máis de 80 entradas que no momento da publicación non aparecían nos dicionarios (véxanse ó completo en Romero Lema, F. 2000: 24-25).

Para F.R.L. a Terra de Soneira “está enclavada entre Bergantiños, Xallas, el Valle de Vimianzo, el Litoral de Lage y la Ribera del Allones. Comprende veinte parroquias. Su centro natural es Bayo”.). Esa vintena de parroquias eran estas: Anos, Baio, Bamiro, Borneiro, Carreira, Santo Adrián do Castro, Gándara, Lamas, Loroño, Meanos, Mira, Nantón

(excepto as aldeas de Camafreita, Cazón e A Piolla), O Allo, Salto, San Cremenzo de Pazos, Riobó (menos a aldea da Mata), Tines, Treos, Vilar e Zas. Consideraba que o Val de Vimianzo xa era outra comarca. Polo tanto, a comarca soneirá era para el un territorio moito máis reducido que o hoxe recoñecido oficialmente polo *Mapa Comarcal de Galicia de 1997* (concellos de Zas, Vimianzo e Camariñas).

xunto con outros académicos. Deste xeito, case trinta anos despois do seu pasamento, a meritoria obra léxica de F.R.L viu a luz e non quedou no esquecemento.

⁹ Para unha información máis polo miúdo, véxase Romero Lema, F. (2000: 20-24).

O arcebispo Maximino Romero Lema (1911-1996), alta xerarquía no Vaticano

Maximino Romero Lema naceu en Baio en 1911. Licenciouse en Dereito na Universidade de Santiago e completou estudos na de Madrid; despois exercería a docencia nas dúas. Durante a súa mocidade foi membro activo de varias asociacións de estudantes católicos, polo que estivo en contacto co cardeal Herrera Oria (presidente de Acción Católica), quen fixo que se trasladase a Madrid, e con mozos do seu tempo que no futuro haberían de desempeñar importantes cargos políticos e eclesiásticos, coma os italianos Giovanni B. Montini (futuro papa Paulo VI), Aldo Moro, Giulio Andreotti, Amintore Fanfani etc.

Iniciou estudos eclesiásticos, pero tivo que suspendelos ó estalar a guerra civil española, participando nela como artilleiro no bando sublevado. Ó rematar a contenda bélica seguiu cos estudos eclesiásticos no Seminario de Madrid, trasladándose despois á Universidade Gregoriana de Roma para estudar teoloxía. A ocupación aliada obrigouno a abandonar Roma, rematando a licenciatura teolóxica na Universidade Pontificia de Salamanca. Ordenouse sacerdote en Santiago en 1944.



Homenaxe popular a Maximino Romero Lema con motivo do seu nomeamento como Fillo Predilecto de Baio (22-11-1992) [foto Fuentes]

En Madrid continuou coa súa preocupación universitaria e eclesial, manifestada en diversas fundacións, e puxo en marcha en 1946 a Obra de Cooperación Hispanoamericana (OCHSA) para a preparación de sacerdotes españois misioneiros na América. Por esta época consolidouse a súa íntima amizade con Joaquín Ruíz-Giménez, futuro embaixador de España no Vaticano (1948-1951), ministro de Educación (1951-1956) e -anos despois- comprometido presidente do clandestino partido de *Izquierda democrática* (1969), así coma da sección española de *Justicia y Paz* (1972-79).

En 1964 foi consagrado bispo auxiliar de Madrid, encargado da pastoral universitaria e secretario da Comisión de ensinanza da Conferencia Episcopal. O pobo de Baio recíbeo multitudinariamente o 2 de agosto de 1964, descubríndose este mesmo día a placa que dá o seu nome á rúa principal da vila.

En 1968 o papa Paulo VI noméao bispo titular de Ávila. En 1973 a Conferencia Episcopal Española designouno gran chanceler da Universidade de Salamanca, organismo que o distinguiu co doutoramento "honoris causa". Tamén nese mesmo ano de 1973 o papa distinguiuno co nomeamento de arcebispo da sede imaxinaria de Cittanova (Iugoslavia), e secretario da Sagrada Congregación do Clero, co que pasou a residir en Roma, e iso permitiulle relacionarse con diversos episcopados de todo o mundo.

En setembro de 1975 tivo a valentía de apoiar ó papa Paulo VI cando este decide romper as relacións con Franco por este non atender as peticións de clemencia para os condenados a morte en tres consellos de guerra sumarísimos. Foron as derradeiras penas de morte do ditador, que provocaron protestas contra o réxime en todo o mundo¹⁰.

Por volta do ano 1985 e seguintes pensouse que era el a persoa idónea para ocupar a sede vacante de Compostela, pero tal designación non chegou a realizarse.

A pesar de pasar practicamente toda a súa vida fóra de Galicia -e mesmo de España-, Maximino Romero sempre tivo presente á súa vila natal. Pola súa filantropía -dooou os terreos para construír a igrexa nova, no Campo do Rollo, e a maior parte onde se asenta o IES que leva o seu nome, no Prado da Torre- o pobo de Baio distinguiuno co nomeamento de Fillo Predilecto o 22 de novembro de 1992. No transcurso dunha gran homenaxe popular, descubriuse unha placa conmemorativa na fachada da igrexa nova e entregóuselle unha medalla conmemorativa co escudo de Baio.

Faleceu ós 85 anos o 29 de outubro de 1996 no avión que o traía de Roma a Santiago de Compostela; gravemente enfermo, viña xa para pasar os seus derradeiros días en Baio, entre os seus veciños. O seu enterro foi multitudinario, asistindo a el múltiples personalidades, especialmente altas xerarquías da Igrexa: os arcebispos de Santiago e de Madrid, o nuncio vaticano, o presidente da Conferencia Episcopal, os bispos galegos e mais os de Ávila e Bilbao, entre outros. Cumprindo co seu desexo, foi enterrado baixo unha simple lápida de granito no



A visita de setembro de 1995 ó arcebispo Romero Lema na súa casa familiar da Cacharosa (á que se alude na biografía do seu irmán Francisco)

¹⁰ En setembro de 1975, despois duns consellos de guerra sumarísimos a porta cerrada e sen unas mínimas garantías para a defensa dos acusados, foron condenados a morte dous membros de ETA e tres do FRAP (entre estes, o vigués J. H. Baena), acusados de actos terroristas. Foron fusilados o 27 de setembro, unha vez que o ditador fíxo oídos xordos ás múltiples peticións de clemencia, entre elas a do papa Paulo VI. A familia de Baena aínda segue reclamando hoxe a revisión do seu xuízo, considerando que el nada tivera que ver cos feitos que se lle atribuíran.

interior da igrexa nova de Baio.

Un arcebispo con sona de aperturista

O papa Paulo VI foi o gran promotor do arcebispo Romero Lema. Baixo o patrocinio do cardeal Benelli, foi un elector de bispos durante o franquismo e persoa de máxima influencia en Roma. En troques, Xoán Paulo II non o ascendería a cardeal como se esperaba, poida que pola súa sona de "aperturista". Pertencía á Asociación Católica Nacional de Propagandistas, que postulaba a política democrata-cristiá fronte ó franquismo (era amigo dunha persoa tan aberta e dialogante como J. Ruíz Giménez).

O escritor galego José Angel Valente comentaba nun artigo do diario *El País* ("Una breve memoria", 18/05/1985) a relixiosidade aberta e dialogante de D. Maximino fronte ó ríxido dogmatismo da Igrexa española de posguerra:

«Tal vez haya sido él quien más hizo por abrir importantes sectores de la Iglesia de este país a las formas de religiosidad abierta y dialogante que culminaron en el Concilio Vaticano II y en la Iglesia del papa Juan XXIII».

O articulista lamentaba que o papa Wojtyla non o promovese a prefecto ou cardeal.

Nas memorias do cardeal Tarancón aparece clara e diáfana a postura de mons. Romero Lema cando o Vaticano suspende en 1975 as súas relacións con Franco, por non atender este as peticións desesperadas de clemencia do Papa para cinco condenados a morte, acusados de terrorismo, en tres xuízos celebrados en Burgos, Barcelona e Madrid en setembro dese ano.

«Al comentar la alocución del Papa del día anterior -escribe Tarancón- se manifestaron tres tendencias: una, algunos -Maximino Romero de Lema, Torrella- comprendían perfectamente la condena del Papa porque, según el criterio universal, en los juicios sumarísimos han faltado las mínimas garantías de defensa para los acusados» (Vicente Enrique y Tarancón. *Confesiones*; 1996, Ediciones S.M., Madrid; p.834).

As outras dúas tendencias dos bispos españois eran contrarias á do papa e favorables a que se aplicasen sen compaixón as penas de morte ditadas por Franco.

«Los sacerdotes que viven en Roma se sintieron agraviados por la intervención del Papa. Esta impresión era general: sacerdotes, religiosos y religiosas; tan sólo Monseñor Romero de Lema y Torrella defendieron desde el primer momento la actitud de Pablo VI y se la explicaron perfectamente» (Tarancón. *Confesiones*; p. 849).

O bispo Uxío Romero Pose (1949-2007), prestixioso investigador da Historia da Igrexa

Naceu en Baio o 14 de marzo de 1949, no seo dunha familia humilde (seu pai era panadeiro). Estudou no Seminario de Santiago e marchou despois, con bolsa de estudos, ó Colexio Español de Roma, para estudar teoloxía na Universidade Gregoriana do Vaticano, e tamén Ciencias Orientais e Patroloxía. Seguiu a especialización de patrística con profesores tan sinalados como Orbe, Simonetti, Pincherle, Gribomont, Hausherr e Bianchi.

En 1974 foi ordenado sacerdote en Baio polo arcebispo compostelán monseñor Ángel Suquía. Dous anos despois era profesor axudante na Universidade Pontificia Gregoriana de Roma, e en 1977 dispensaba clases no recién creado Centro de estudos Teolóxicos de Canarias (Las Palmas).

En 1978 doutórase en teoloxía pola Universidade Gregoriana de Roma, cunha tese dirixida por A. Orbe e titulada *Símbolos eclesiales en el comento a Apoc. 1, 13-3, 22 (Hacia la reconstrucción de la obra del donatista Ticonio)*. En 1979 forma parte dos investigadores bolseiros do Instituto Español de Historia Eclesiástica de Santiago e Montserrat, de Roma, e foi nomeado profesor da facultade de Teoloxía de Burgos.

Desde 1981 e durante varios anos foi director e profesor do Instituto Teolóxico Compostelano, en Santiago, onde tamén dirixiu o Centro de Estudos Xacobeos e a revista *Compostellanum*. Foi tamén membro do Consello da Cultura Galega, e seguiu formando parte da Asociación Internacional de Patrística e da "Junta Asesora de Teólogos de la Comisión Episcopal de la Fe de la Conferencia Episcopal Española". Tamén desempeñou o cargo de reitor do Seminario Maior de Santiago. Tivo, así mesmo, relación co mundo misionero, especialmente con Angola, a onde viaxou nalgunha ocasión.

Un bispo para coordinar a pastoral do ámbito da cultura

Con motivo da ordenación de Uxío Romero, a prensa galega e madrileña salientaba o feito de que o arcebispo de Madrid tiña especial interese en incorporar o baiés para conectar co mundo da cultural, dada a súa recoñecida talla intelectual.

Moi elocuente era o titular do xornal *ABC* do día 2 de maio: "Monseñor Romero Pose, intelectual y gallego, fue ordenado ayer en La Almudena" (p. 71). Engadía o diario madrileño que

«Con la ordenación de un nuevo obispo auxiliar, el azobispo de Madrid no sólo completa su equipo de colaboradores en el gobierno de la Archidiócesis, sino que pone en marcha uno de sus más deseados proyectos: la pastoral del mundo de la cultura. Para ello ha hecho venir de Santiago a un reconocido intelectual, al que allí ya confió la dirección del centro de estudios teológicos, monseñor Eugenio Romero».


Houbo quen estableceu comparanzas entre os camiños paralelos que parecían seguir os dous prelados nados en Baio, pois tamén Maximino Romero Lema fora nomeado bispo auxiliar de Madrid -33 anos antes, en 1964- e desempeñara funcións relacionadas coa cultura.

O 1º de maio de 1997 foi consagrado bispo auxiliar de Madrid na catedral da Almudena, onde se viu acompañado por centos de veciños e veciñas de Baio e parroquias da súa redonda (Bamiro, O Allo, San Cremenzo, Lamas, Zas, Anos etc.), o alcalde de Zas (E. Rieiro) e membros da corporación incluídos. A cerimonia, presidida polo arcebispo de Madrid, Antonio Rouco Varela, estivo concelebrada por trinta prelados e catrocentos sacerdotes. Para o seu episcopado, Uxío escolleu o lema "Deus facit, homo fit" ('Deus fai, o home debe deixarse facer').

Infortunadamente, a morte sorprenderíao o 25 de marzo de 2007 en Madrid, ós 58 anos, truncándose así unha brillante carreira eclesiástica. Os seus restos descansan na cripta da catedral da Almudena, por

capricho de Mons. Rouco, contrariamente ó desexo dos seus familiares, dos baieses en xeral e de moitos amigos galegos, que esperaban que viñesen para o cemiterio parroquial de Baio, para descansar onda os seus familiares e veciños.

Romero Pose foi un dos grandes investigadores actuais da Historia da Igrexa e, concretamente, unha figura mundial na patrística (ciencia que estuda os escritos dos Santos Padres da Igrexa). Foi convidado a participar en múltiples congresos internacionais deste tipo de estudos eclesiásticos (Roma, Oxford etc.). Publicou varios libros e multitude de artigos, distribuídos en revistas do ramo. Unicamente faremos referencia ás publicadas en revistas galegas sobre coñecidas figuras da Historia da Igrexa en Galicia: "Un novo estudio sobre Prisciliano" (*Encrucillada*-4, 1977), "Estado actual da investigación sobre Prisciliano" (*Encrucillada*-12, 1979), "Exeria: unha peregrina galega do século IV" (*Encrucillada*-13, 1979), "Un misionero en Galicia: San Martiño de Dumio" (*Encrucillada*-15, 1979), "Priscilián: historia e ficción" (*A Trabe de Ouro*, nº 26, 1996). Convén salientar tamén as súas colaboracións en *Cristianesimo nella Storia* (revista da Universidade de Bologna) e a realización de 40 voces monográficas no *Dizionario di Patristica e antichità cristiana* (4 vols., 1984).



Uxío Romero Pose, no día da súa consagración en Madrid (1-5-1997) [foto Alberto Villar]

Ovidio Vidal Ríos (1912-2007), xeneral do Exército e ilustre endocrinólogo¹¹

Naceu en Baio en 1912. Licenciouse en medicina en 1934 e participaría na Guerra civil (1936-39) como médico militar. Desde 1942 e ata a súa xubilación exerceu na Coruña como especialista en Diabetoloxía e Endocrinoloxía da Seguridade Social. Paralelamente traballou no Hospital Militar da Coruña como xefe de laboratorio e banco de sangue, ata que en 1969 foi nomeado director. En 1975 acada o grao de xeneral, e con tal motivo o pobo de Baio dedicoulle a avenida que leva o seu nome e brindoulle unha homenaxe.

Foi académico da Real Academia de Medicina de Galicia desde 1972, e membro tamén da Asociación Española de Biopatoloxía Clínica. Como membro da Federación Internacional da Diabetes asistiu a múltiples congresos internacionais (Estocolmo, Bruxelas, Múnic, Atenas, Toronto, Nairobi, Buenos Aires...). Publicou máis de trinta traballos en revistas científicas españolas e estranxeiras.

Faleceu na Coruña o 26-12-2007, ós 95 anos.

Tres catedráticos universitarios de moita sona

Jorge Mira Pérez naceu en Baio o 30-10-1968. Estudou EXB no Colexio Labarta Pose e bacharelato e COU no Inst. Alfredo Brañas de Carballo. Licenciase en Física na USC en 1991 e doutórase en 1995 con Premio Extraordinario. Tamén é doutor europeo de Física. Desde o 2011 é catedrático de Electromagnetismo da USC, co que se converteu no catedrático máis novo de España na súa área de coñecemento.

No ano 2006 é director do programa *ConCiencia* da USC e do Consorcio de Santiago, creado para favorecer a divulgación científica a cargo de figuras do máximo nivel internacional e proxectar a imaxe de Compostela como foco universal de pensamento. Deste xeito, logrou traer a Galicia varios Premios Nobel; xa acudiron máis de trinta, e sempre cumpre o requisito de acompañalos a visitar o cabo de Fisterra, mascarón de proa da chamada Costa da Morte e, por extensión, de toda Galicia.

En 2008, no marco deste programa, puxo en marcha o Premio Fonseca de Comunicación da Ciencia, que na súa primeira edición foille concedido a Stephen Hawking -xunto con A. Einstein, o científico máis coñecido do séc. XX¹²-, na segunda a James Lovelock -o pai do pensamento ecoloxista- e na terceira a David Attenborough.

O empeño de Mira Pérez en popularizar o coñecemento científico levouno a colaborar asiduamente



Jorge Mira con Harald zur Hausen, Premio Nobel de Fisioloxía e Medicina (ano 2014)

¹¹ Datos tomados de J. Rojo Valiña 2011: 161.

¹² Mira Pérez foi dos poucos convidados pola familia do Hawking a asistir ó seu funeral en Inglaterra (marzo de 2018).

en programas de radio e televisión, sendo os máis coñecidos ‘Ciencianosa’ e ‘Cifras e Letras’ da TVG. Na actualidade (2018) presenta, xunto coa escritora e enxeñeira ceense María Canosa, o programa “Coma un allo”, tamén na TVG. Leva colaborando coa RG desde o ano 2000 e tamén con RNE desde o 2016.

Polo seu constante labor divulgativo da Ciencia -e, en parte tamén por facelo en lingua galega- recibiu varios premios. Por citarmos algúns deles: o Lois Peña Novo (2014) e por dúas veces o da Crítica Galicia: na modalidade de Investigación (2011) e na de Iniciativas Científicas e Culturais (2017). É membro do Consello da Cultura Galega desde o 2015 e académico correspondente da RAG desde decembro 2016.

Noutra orde de cousas, dera volta ó mundo o cálculo que fixera, xunto con outro compañeiro, da hipotética temperatura do Ceo e do Inferno tomando ó pé da letra datos da Biblia, do Libro de Isaías e do Apocalipse de San Xoán. Aplicando certas leis da física cuántica, o Ceo tería 232°C e o Inferno 444,4°C. Con este cálculo só se pretendía ridiculizar os grupos creacionistas dos EE.UU., empeñados en dar carta científica ós textos bíblicos.

Foi tradutor de Albert Einstein ó galego (*Verbo da teoría da relatividade restrinxida e xeral*; 2017) e recentemente de Stephen Hawking (*Unha breve historia do tempo*; 2018).

Outra das súas últimas achegas foi a de demostrar que a Costa da Morte é a “Costa do Solpor de Europa” durante dous meses ó ano: do 23 de marzo ó 23 de abril, e do 18 de agosto ó 19 de setembro. Durante estes dous períodos os derradeiros raios de sol da Europa continental son os do monte do Pindo (Carnota) e os dos cabos de Touriñán (Muxía) e da Nave (Fisterra). Co título *The last sunset on mainland Europa* publicou este descubrimento na revista británica *Cartography and Geographic Information Science*, nº 45 (2017), e, recentemente, na galega *Grial* nº 218 (abril, maio, xuño 2018): “A costa do solpor europea. Unha irmandade atlántica definida astronómicamente”.

En setembro de 2018, co aquel do anuncio da Unión Europea de dar remate ós cambios horarios de verán e inverno, moitos medios de comunicación viñeron a Baio entrevistar a Mira, debido a que el se manifestara publicamente a favor de manter tales cambios.

Co aquel do anuncio da Unión Europea de dar remate ós cambios horarios de verán e inverno, o 28 de setembro de 2018 o Ministerio da Presidencia do Goberno español constituíu unha comisión de persoas expertas de todo o Estado para o estudo da reforma da hora oficial. Esta comisión encargárase da elaboración dun informe de avaliación das disposicións reguladoras do cambio horario, así como a conveniencia de manter España na hora de Europa central. Unha das trece persoas convocadas a esta comisión foi Jorge Mira, o único físico, que desde tempo atrás se mostrara partidario de manter o sistema actual dos cambios horarios no verán e no inverno.

Ricardo García Mira (A Coruña 1956), doutor en Psicoloxía (1994) e catedrático de Psicoloxía Social da Universidade da Coruña (UDC). Aínda que non naceu en Baio, por ter familia baíesa viviu neste vila durante a súa infancia e séntese moi ligado a ela, e tamén por toda a zona, pois desde hai moito tempo vén manifestando un grande interese polo desenvolvemento da Terra de Soneira e de toda a Costa da Morte. De aí a posta en marcha de distintas actividades de formación, promoción e desenvolvemento local, entre as que destaca ‘Aulas da Costa da Morte’, actividade de discusión e debate de temas de relevantes para os concellos deste territorio (desenvolvemento local, calidade de vida, turismo sostible, arquitectura e urbanismo etc.). Hai uns anos dirixiu desde a Universidade da Coruña un proxecto internacional sobre a ‘Avaliación do impacto psicosocial do desastre do *Prestige*’, un traballo levado a pé de praia nos concellos afectados, que contou coa participación de investigadores das universidades de Surrey (Gran Bretaña), País Vasco e Santiago de Compostela; os seus resultados publicáronse en varias universidades españolas e europeas.



Ricardo García Mira no Congreso dos Deputados

En 2001 foi nomeado Profesor Visitante da Universidade do Estado de Texas (EUA) e entre 2003 e 2012 recibiu o nomeamento de “Visiting Reader” na Universidade de Surrey (Reino Unido). Entre 2016 e 2018 foi nomeado Profesor Visitante do Instituto de Estudos Políticos da Universidade de Bath (Reino Unido) e, recentemente, doutor ‘honoris causa’ pola Univ. Alexandru Ioan Cuza, de Iaso (Romanía). No período 2014-2018 foi elixido presidente da sociedade científica internacional IAPS (International Association for People-Environment Studies), e editor do seu boletín.

Nas eleccións de decembro de 2015 foi elixido deputado pola provincia da Coruña a Cortes do Estado, onde exerce de portavoz do PSOE na Comisión para o Estudo do Cambio Climático. Súa foi a presentación no Congreso dos Deputados (28-06-2017) dunha proposición non de lei para difundir e conmemorar a figura do escritor baíes Enrique Labarta Pose.

José Santos Reyes (Baio 1966) é catedrático de Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial da Universidade da Coruña. A liña da súa investigación é a computación bio-inspirada, con aplicacións en robótica ou en bioloxía computacional. É, ademais, coordinador do programa de doutoramento en Informática da UDC e avaliador de proxectos de investigación europeos, coma o Human Brain Project, actualmente o maior de Europa.

Pepe de Valiña (1943-2004), destacado animador cultural e veciñal

José Rojo Valiña, ‘Pepe de Valiña’, foi outro dos persoeiros baieses que deixaron un gran recordo na vila, pois del partiron moitas iniciativas veciñais e culturais, dada a súa capacidade organizativa. Foi presidente das comisións de festas patronais varios anos seguidos, sobre todo a finais dos anos sesenta e principios dos setenta do pasado século, cando eran moitas as dificultades económicas para levalas a cabo. Para sacar cartos para as festas a asociación cultural *Labarta Pose*, que el fundara, organizou no desaparecido Cine Pomares festivais que aínda hoxe se lembran (obriñas teatrais, actuacións musicais e corais etc.).



Como declarado labartiano que era, estivo sempre por detrás de toda iniciativa que honrase a memoria do coñecido escritor baíés. Por iniciativa súa, en 1974 o Colexio Público de EXB de Baio levará o nome de *Enrique Labarta Pose*. A asociación de veciños *Tabeirón*, da que foi fundador e presidente, tamén tomou o nome do título dunha poesía de Labarta. En outono de 2002 fundou e presidiu a *Coral Xan Mella*, e tamén recorreu á obra labartiana para nomeala (Xan Mella fora o protagonista imaxinario da poesía *¡Probe gaiteiro de Baio!* do escritor baíés). Finalmente, como non podía ser menos, formou parte destacada da comisión Pro Día das Letras Galegas para Labarta.

O seu inesperado falecemento, ós 61 anos, foi recibido en Baio con moito pesar, debido a que -en palabras de X.M. Varela, fora un grande «animador sociocultural cando aínda non existía ese apelativo. O seu imprescindible traballo foi un compromiso para coa vila de Baio e para a perpetuación do nome de Labarta Pose». Na súa honra creouse no seo da Coral Xan Mella a *Agrupación Musical Pepe Valiña*, cunha escola de música dirixida por Tatiana Pankrátova, a directora da coral desde a súa fundación.

A instancias das súas irmás Olga e Teresa, Marta Rei Lema preparou a edición dun libro póstumo (*¿Sabías que...? Baio... e algo máis*; 2011) no que se recollen escritos relacionados con Baio recompilados por el, pero cunha interesante parte da súa man e totalmente inédita, de interese histórico e etnográfico: os oficios tradicionais de Baio, os xogos infantís, a polifonía, a organización das festas etc. O libro remata cunha serie de biografías de fillos de Baio (e redonda), cunha relación de poesías en galego e castelán e cunha serie de debuxos da súa autoría, facetas estas últimas que se lle descoñecían.

--- 0 ---

Outros persoeiros baieses coma o párroco **Juan Astray Vidal** (1895-1971) e o mestre **Antonio Platas Reinoso** (1908-1971) recibiron no seu día o recoñecemento público ó se lles dedicar cadansúa rúa na vila, por acordo unánime no Concello de Zas. Fillos do mestre son **Antonio** (1939), avogado na Coruña, e **Ana María Platas Tasende** (1944), catedrática de Lingua e Literatura Castelá; dela xa falamos na parroquia de San Cremenzo de Pazos, pois foi alí onde naceu. Antonio foi decano do Colexio de Avogados da Coruña e o 22-6-2012 recibiu a medalla de ouro da Irmandade Xurídica Galega, colectivo que loita pola presenza da lingua galega na xurisprudencia en igualdade co castelán.

10. ASOCIACIÓNS CULTURAIS E DEPORTIVAS¹³

Dun tempo a esta parte, Baio vén destacando polas súas asociación culturais e deportivas. Xa falamos de que en 1969 Pepe de Valiña fundara a **Asociación Cultural Labarta Pose**, que organizara no desaparecido Cine Pomares varios festivais musicais e teatrais para recadar fondos para as festas patronais; no seo desta asociación creárase un coro de case un cento de membros no que chegaron a actuar xuntas tres xeracións, que obtivo varios premios e acabou por desaparecer en 1977. Este coro foi dirixido, entre outros, por Perfecto Varela e por Santiago López.

A música coral rexurdiría anos despois coa creación da **Coral Xan Mella**, buque insignia da AMC Pepe Valiña. Foi no outono de 2002, con Pepe de Valiña de presidente e a profesora bielorrusa Tatiana Pankrátova de directora, cargo que segue tendo na actualidade. No ano 2006 gravou o seu primeiro CD, de mans da Fundación Mans-Paideia. En maio de 2010 gravou o seu segundo CD titulado *De entrañas da Terra* onde se recolle unha escolma do seu variado repertorio: canción galega, habaneras, polifonía litúrxica, música pop, panxoliñas, música de autor e folclore internacional. A coral actuou en diversos lugares de Galicia (Vimianzo, Corme, Lorbé-Oleiros, A Coruña, Padrón, A Estrada, Ribadeo, Luou-Teo...) e fóra dela (en Asturias, León, Madrid, Portugal...). En setembro de 2008 conseguiu o primeiro premio e «Avellana de Oro» no *II Certamen Nacional de Masas Corales de la Avellana*, celebrado en Infesto (Asturias). No 2012 foi galardoada co Premio Nordés-Cadena Ser das Artes.



Actuación da Coral Xan Mella na igrexa nova de Baio (foto XMLS)

¹³ Agradecemos a colaboración de Antonio Díaz Amor, Ricardo Vigueret e Xosé M^a Rei Lema neste apartado.

A **Asociación Cultural Adro** fundouse en 1980 para o impulso das actividades culturais na vila baiesa. Abrangueu moitos campos, pero os máis destacados foron os do teatro e o da música tradicional. Desde 1984 contaba a asociación cunha sección de teatro, que en 1986 se independizaría para crear a A.X. Badius. Pero o sinal de identidade da asociación son os grupos de baile, pandeireta e gaita que saíron das clases que ata o día de hoxe se imparten no seu seo. Famosos profesores pasaron polas aulas que ofertou esta asociación, como foi o caso de Mercedes Peón, Álex Insua ou Pablo Díaz. A recuperación e a divulgación das pezas tradicionais galegas tivo grande éxito en Baio e foron moitos os premios que acadaron en distintos certames folclóricos. Ademais, participaron en numerosas festas populares e festivais folclóricos dentro e fóra de Galicia (Madrid, Arxentina, Holanda) e tamén nalgúns programas da TVG.

Cómpre salientar dentro deles o grupo de pandeireteiras **Rueiro da Cancela**, que foi convidado polo famoso cantante Amancio Prada para acompañalo nun *Especial a Rosalía de Castro* na TVG, froito do cal colaboraron no disco *Rosas a Rosalía* (1997) deste cantautor, xunto coa Orquestra Filarmónica de Galicia, na peza *Airiños, aires*, e acompañárono na xira de presentación en Moaña (Pontevedra), Madrid, Valladolid e Tudela (Navarra). Ademais disto, Rueiro da Cancela participou no disco *Pandereteiras* xunto con outros grupos de música tradicional.

Outra das actividades significativas que realizou a Asociación Cultural Adro foi a organización da **Festa da Carballeira** de Baio. É esta unha festa de merendas que se celebra o derradeiro domingo do mes de xuño na fermosa carballeira da Devesa, alí onde o río do Porto recibe o seu afluente o río de Vilar. En 2017 o Concello de Zas mercou a carballeira e pasou a ser el o organizador da festa, que se iniciara en 1980.

Unha das iniciativas máis interesantes dos últimos anos e que puxo a Baio no mapa do audiovisual galego foi a creación dos **Premios Fouciño. Festival de Cinema**. Nacidos no seo da asociación na busca de novas alternativas culturais, servía ademais para darlle a oportunidade á xente nova de crear e dar a coñecer as súas pezas audiovisuais, prestando especial interese no seu fomento entre a comunidade escolar. As charlas por colexios e institutos de toda Galicia dan paso á semana grande, na que os obradoiros, mesas redondas, proxeccións ou actuacións musicais son as actividades que se ofrecen no marco deste festival. Lévanse celebradas tres edicións (a última xa organizada polo Concello de Zas), nas que destacados persoeiros do mundo audiovisual estiveron presentes en Baio, pero de maneira especial temos que nomear os padriños que tivo o festival: o realizador Jorge Coira e os actores Lucía Regueiro e Santi Romay.

Baio é unha das vilas de maior tradición teatral das comarcas da Costa da Morte. As orixes remotas poida que as haxa que procurar nas actuacións da festa de María Goretti, que de 1950 a 1971 se celebraron no adro parroquial o primeiro domingo de xullo: recitación de poesías, interpretación de cancións, narración de contos e escenificacións de pezas teatrais festivas etc. A organización corría a cargo dos mestres Antonio Platas e M^a Carmen González. Foron estas celebracións unha boa escola de actores que despois recollería a principios da década de 1970 a asociación Labarta Pose.

En 1984 nace unha sección teatral no seo da asociación cultural Adro, que se independizará en 1986 tomando o nome de **Asociación Xuvenil Badius** de teatro afeccionado. Desde a data da súa fundación, o grupo –que foi premiado por varias das súas actuacións tanto colectivamente (mellor grupo de teatro) como individualmente (mellor actor ou actriz)- procura preparar polo menos unha obra teatral nova, que pon en escena como estrea especial no Auditorio de Baio polo Nadal. As representacións son de obras de autores galegos ou adaptacións doutros españois e estranxeiros ó noso idioma. Deste xeito, representaron con grande éxito obras de Molière, C. Arniches, Varela Buxán, Blanco-Amor, A. Paso, Núñez Singala, Enrique Labarta etc. Desde 1990 consolídanse tres seccións de teatro (infantil, xuvenil e de adultos) como unha escola de teatro, de aí a importancia do seu labor.

Contra o ano 2009 a sección infantil integrárase na Escola Municipal de teatro que, subvencionada polo Concello de Zas, agrupaba a máis de 40 nenos e nenas de Zas e de Baio. A sección xuvenil estaba formada por 30 alumnos do IES Maximino Romero de Lema, que servía como canteira para o grupo de maiores, e o grupo sénior segue a levar a cabo actuacións por toda a provincia e mesmo polo resto de Galicia ó estar integrado Badius na FEGATEA (Federación Galega de Teatro Afeccionado), da cal é o segundo grupo en activo máis antigo da Comunidade.

Nos últimos anos as obras máis representadas foron as seguintes: “Bancagare: Sucursal nº 13” (2009 e 2010); “Xoo... ante o perigo” (2009 e 2010), “Facer o sueco” (2012); “Unha boa misa” (2013), o sainete perdido de Enrique Labarta e atopado polo investigador Xosé M^a Rei Lema; “Frankenstein” (2015, obra coa que se conmemoraba o seu 30º aniversario). Actores coma Marco A. Álvarez e Xurxo Sánchez recibiron premios de mellor interpretación masculina.

No 2017 o grupo foi seleccionado para VIII Encontro de Teatro Afeccionado de Betanzos. En abril e maio colabora una II Mostra de Teatro Afeccionado do Concello de Zas. En xuño, no XX Certame de Teatro Escolar e Afeccionado Candilejas-Don Bosco da Coruña. Tamén colabora na X Edición da Escola Municipal de Teatro Infantil e na VI de Adultos, escolas organizadas polo Concello de Zas en colaboración con *Badius* desde os seus inicios (2008 e 2011).

En Baio creouse a **Asociación de Veciños Tabeirón**, que, entre outras cousas, lograría a recuperación para usos comunais da parroquia o edificio das Escolas Agra Regueiro, grazas sobre todo á inscrición de COSTEADAS POR EL PUEBLO que en letras capitais que se puxo na fachada cando se construíu. Parte deste edificio cedeuse para centro médico e noutra parte hai unha biblioteca, integrada maiormente polos libros cedidos por Roberto Veloso Gómez.

No lugar de Fornelos creouse no ano 2006 outra **A. de VV., A Fonte**, nun principio integrada unicamente por mulleres, da que foi a primeira presidenta Estrella Balsas. Presentaban unha longa listaxe de obxectivos: defender os dereitos sociais e culturais dos veciños, crear unha área agradable



“Frankenstein”, obra estreada por *Badius* no 2015

para a poboación, promover as actividades e relacións entre as mulleres e, así mesmo, dar a coñecer o lugar -moi distante do núcleo principal de Baio (3 km)-: o río e os seus muíños, os cabazos, as mámoas... Ó longo dos anos fóronse recuperando festas folclóricas e tradicións populares, creouse unha área recreativa e organizáronse rutas de sendeirismo e excursións.

O C. D. Baio, o decano da Costa

Por Xosé M^a Rei Lema

O Club Deportivo Baio é a entidade máis lonxeva da parroquia. Fundouse oficialmente en 1964 e foi un dos oito clubs que iniciaron a Liga da Costa. Hai que salientar que o club baiés é o único que competiu en todas e cada unha das 55 temporadas que se levan disputadas, por iso é considerado o club decano da Costa. Desde a 1963-64 disputou as seguintes vinte campañas na Liga da Costa (que desde a 1974-75 se incluíu na 2ª Rexional), nas que forxou a lenda do "farol vermello" polas súas malas clasificacións das primeiras temporadas, feito que acabou levando ó seu escudo de armas con moita fachenda.

Na vixésima temporada, a 1982-83, chegaron os primeiros éxitos, e por partida dobre, pois proclamouse campión da Liga da Costa e tamén da Copa da Costa, ó gañarlle na final ó Coristanco. Ascendeu á 1ª Rexional, na que estivo a temporada 1983-84 e o subcampionato conseguido nela valeulle un histórico ascenso á Rexional Preferente. A piques estivo de gañar ese ano a Copa da Costa, pero tivo que conformarse tamén co segundo posto ó perder a final co Laxe.

Cinco temporadas estivo na Preferente (da 1984-85 á 1988-89), nas que se mantivo nos postos medio-altos e incluso chegou a dúas finais da Copa Galicia -que perdeu contra o Puebla (1985-86) e Tomiño (1988-89)-. Deixou a Preferente voluntariamente polas dificultades económicas para competir na 1ª Rexional na que estaba agora incluída a Liga da Costa.



Na segunda temporada nesta categoría, a 1990-91, o Baio conseguía proclamarse campión, pero renunciou ó ascenso á Preferente e mesmo a continuar na nova 1ª Rexional (agora provincial) e seguir na Liga da Costa, que agora volvería a ser 2ª Rexional. Tres anos na Liga da Costa, ata que o subcampionato da 1993-94 lle vale o ascenso á 1ª Rexional provincial.

Na 1994-95 o equipo baiés comeza mal ocupando os últimos postos ata que unha xeira de 27 partidos sen perder o levan a proclamarse campión e a ascender á Preferente; aproveitábase a fornada de rapaces que levaba dúas temporadas na Liga Galega Xuvenil. Foron catro as temporadas seguidas nas que o Baio estivo na Preferente desta vez (da 1995-96 á 1998-99), as tres últimas sendo o mellor equipo da Costa (por riba doutros históricos como Bergantiños, Negreira, Cee ou Fisterra).

Na 1999-2000 volve á 1ª Rexional provincial, na que vai estar as seguintes sete temporadas (ata a 2005-06), nas que nalgunha delas estivo nos postos altos mais non logrou o ascenso. Nestes anos si que lograría volver a unha final da Copa da Costa, e de feito foron dúas consecutivas, a primeira, na temporada 2003-04, perdeuna co At. Mineiro e a segunda, na campaña 2004-05, volveu perder neste caso co Dumbriá, curiosamente as dúas cos mesmos marcadores (1-0 como visitante, e 1-1 no Platas Reinoso). Outras sete campañas seguidas estivo o Baio na Liga da Costa, a maior parte delas na zona media, pero na 2012-13 logra o subcampionato e con el a posibilidade de ascender nunha liguina contra os subcampións da Barbanza e de Santiago-Deza, na que consegue quedar campión e subir de

novo á 1ª Autonómica. Tres anos nesta categoría (da 2013-14 á 2014-15) e descenso á Liga da Costa, na que só estivo unha campaña, pois na 2015-16 proclámase campión e ascende outra vez á 1ª Autonómica, na que competiu na recente 2017-18 e na que segue para a vindeira.

En resumo, son 55 temporadas as que leva disputadas, que se dividen en 9 na Preferente, 13 na 1ª Rexional provincial ou semiprovincial e 33 na Liga da Costa. Participou en 48 edicións da Copa da Costa e en 5 da Copa Galicia de Preferente. Evidentemente, é o club costeiro que máis partidos xogou e o que máis temporadas participou nos campionatos ligueiros, mentres que na Copa da Costa ocupa a terceira posición en partidos xogados. No seu palmarés figuran tres Ligas da Costa (1982-83, 1990-91 e 2016-17), unha liga da 1ª Rexional provincial (1994-95) e unha Copa da Costa (1982-83); ademais foi finalista dúas veces da Copa Galicia (1985-86 e 1988-89) e outras dúas da Copa da Costa (2003-04 e 2004-05).

C.D. BAIÓ (1963-64/2017-18)						
	P.X.	P.G.	P.E.	P.P.	G.F.	G.C.
Liga	1624	625	376	623	2598	2675
Copa da Costa	205	86	49	70	411	336
Copa Galicia	24	9	7	8	33	37
Total	1853	720	432	701	3042	3048



Foto oficial C.D. Baio 2017-2018

OUTRAS ASOCIACIÓN DEPORTIVAS

A **Asociación Deportiva Su a Agra** foi creada en Baio a finais de 1988 para o fomento doutros deportes distintos do fútbol, coa finalidade de facilitar a súa práctica. Unha das súas iniciativas foi a creación de escolas deportivas, entre as que é de salientar a de baloncesto e a de xadrez; en 1989 organizouse tamén unha carreira popular e unha xira ciclista. En abril dese mesmo ano ten lugar o **II Aberto de Xadrez Vila de Baio** (o primeiro fora organizado pola A.C. Adro). Foi a partir de aquí cando comezou a forxarse a idea de artellar unha Liga da Costa de Xadrez, que se materializará en xaneiro de 1990. Despois de gañar a Liga da Costa (ano 1992) e quedar campión de Segunda División (ano 1998), o **Club de Xadrez Su a Agra** ascende á Primeira División. Destacaron, entre outros, Jorge Soneira e os irmáns Pablo e Jorge Mira. Mantívose competindo ata o ano 2009, formando tamén novos xogadores nas súas categorías inferiores.

O outro deporte que salientou dentro da asociación foi o baloncesto. En 1996 decidiuse crear esta sección e fundouse o **Club de Baloncesto Su a Agra**. Un dos problemas maiores cos que se atopou foi a falta de equipos na Costa da Morte contra os que competir. Despois das xestións levadas a cabo por directivos conséguese crear unha Liga da Costa de Baloncesto en novembro de 1996. No ano 1998 intégrase na Segunda División Zonal Coruñesa. Durante estes anos o título máis importante que acadou foi de campión da Copa da Coruña no ano 2001. Na tempada 2002-2003 conseguiu o ascenso á Liga Autonómica, independizándose desta asociación baixo a denominación de **Club de Baloncesto Baio Agencia AM**. Na tempada 2007-2008 consegue o ascenso á 1^a Nacional Galicia, pero logo da 2008-2009 deixa de competir pola falta de xogadores.

Outros deportes que fomentou a Asociación Deportiva Su a Agra foron o taekwondo e a ximnasia de mantemento. A partir de 2009 organiza cada 31 de decembro unha carreira popular: a **San Silvestre de Baio**, que conseguiu xuntar o deporte e o divertimento, e que conta cada ano con maior participación.

Nos últimos anos o tiro con arco é o deporte sobre o que xira a asociación, e ten no seu presidente **Santi Soneira** un referente a nivel galego e incluso español. Na súa especialidade, arco espido, proclamouse subcampión de España de Aire Libre en 2018. A nivel galego foi catro veces campión de Sala (2012, 2015, 2016 e 2017) e dúas veces de Aire Libre (2014 e 2016); levou a medalla de bronce en Sala noutras dúas ocasións (2011 e 2013) e tres en Aire Libre (2012, 2017 e 2018).



A procesión motorizada de San Cristovo, a principios da década de 1960 (foto Vidal)

11. FESTAS DA PARROQUIA

Os días **10 e 11 de xullo** celébranse as festas de **san Cristovo** e **santa Bárbara**, respectivamente. O primeiro é o patrón dos automobilistas, que o honran cunha procesión motorizada que sae da igrexa vella dando a volta polo Campo do Rollo ata o cruce, volvendo desde alí a Baio Pequeno. Hai anos a imaxe de san Cristovo ía acompañar a Virxe de Montetorán na procesión da súa romaxe do mes de maio, e quedaba nesta ermida ata a festa do santo en Baio, día en que a Virxe lle devolvía a visita. Tras a morte do cura Astray abandonouse esta estraña tradición.

As datas oficiais das **festas patronais** son o **8, 9 e 10 de setembro**, pero, por necesidades laborais dos veciños -e tamén porque en moitas ocasións cadraba coa Barca de Muxía- fóronse trasladando á primeira ou á segunda fin de semana de setembro. O primeiro día é o dedicado á Natividade da Virxe, o segundo a santo Antonio e o terceiro é Virxe do Carme.

O párroco Juan Astray tamén introducira na parroquia, en 1926, a festa da Medalla Milagrosa, e en 1949 a de santa María Goretti, o primeiro domingo de xullo. Xunto coa do Corpus, foron esmorecendo co paso do tempo.

Como **festa non relixiosa** celébrase o último domingo de xuño a **Festa da Carballeira**, na carballeira da Devesa, onde se xunta o río do Porto co de Vilar. Empezara sendo en 1967 unha sardiñada dos mozos e mozas de Baio, pasando logo a ser a Festa do Pescador do Club Salmo da Coruña. Anos despois, a A.C. Adro fíxose cargo da organización dese xantar campestre abríndoo a todos os veciños

da parroquia e da redonda, ata a actualidade. En 2017 o Concello de Zas mercoulle o recinto ós seus propietarios para convertelo nun espazo natural único (con 390 carballos é a maior das carballeiras da comarca), completando así o paseo fluvial de 500 m de lonxitude inaugurado no 2007, ata a ponte de Baio.

Na última década do séc. XX os veciños de Baio limparon de maleza e recuperaron para uso recreativo a área de **Pedra Vixia**, na desembocadura do río de Zas no do Porto. O Concello de Zas colaborou no seu acondicionamento instalando mesas e bencos de pedra. Trátase doutro lugar idílico no que tiveron lugar merendas,

está

xantares e
pero hoxe,
infortunadamente,
infrautilizado.



Festa da Carballeira 2018



A Carballeira da Devesa foi adquirida polo Concello de Zas en 2017

12. INVENTARIO DOS BENS DO PATRIMONIO DA PARROQUIA DE BAIO (SEGUNDO O *PXOM*)

Arquitectura e etnografía	Arqueoloxía
1.- Igrexa parroquial de Santa María de Baio (antiga) 2.- Igrexa nova de Baio 3.- Cruceiro do igrexario (Baio Pequeno) 4.- Cruceiro do cemiterio (Baio Pequeno) 5.- Cruceiro no cruce AC-340 estrada de arriba (Baio Pequeno) 6.- Cruceiro en Baio 7.- Cruceiro do Campo do Rollo 8.- Cruceiro xunto á estrada a Laxe (Fornelos) 9.- Cruceiro en riba de Baio 10.- Escolas Agra Regueiro (Campo do Rollo) 11.- Ponte de Baio. AC-552 12.- Ponte Lodoso. AC-404 13.- Casa dos Martínez. A Cacharosa 14.- Casa dos Morgade. O Chamberín 15.- Casa da Ponte 16.- Casa de Varela 17.- Casa Nova dos Agra 18.- Casa de Blanquita (Baio Pequeno) 19.- Casas Vellas da Agra 20.- Casa de Outeda (O Chamberín) 21.- Casa do arcebispo Romero Lema 22.- Fonte de Cardezo 23.- Fonte de Lavandeira (Campo do Rollo) 24.- Fonte do Pincho (Campo do Rollo) 25.- Muíño das Quintas 26.- Muíño de Su a Agra 27.- Hórreos da vila	28.- Mámoa N° 1 da Fonte do Retorno 29.- Mámoa N° 2 da Fonte do Retorno 30.- Castelo Grande do Allo (O Allo. Baio) 31.- Mámoa do Alto do Pedroso 32.- Mámoa de Tras da Senra 33.- Mámoa de Suacosta 34.- Mámoa nº 1 da chousa do Monte dos Mouros 35.- Mámoa nº 2 da chousa do Monte dos Mouros 36.- Mámoa do Valonco



Mámoa do Valonco, descuberta polas obras da autovía
(foto XMLS)

13. BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

- ALÉN, M^a P. (1997): *Historia da música galega*; A Nosa Terra Edicións, Santiago.
- ALONSO, G. (s/d): voz “Romero Lema, Maximino”, en *Gran Enciclopedia Gallega* (GEG), t. 27.
- AMEAL GONZÁLEZ, M. (1970): “El Maestro de Capilla de la S.I.C. de Tuy, Revdo. Sr. D. Manuel Martínez Posse”, no folleto *Bayo en fiestas 1970*.
- ASTRAY RIVAS, P. (1992): *Síndrome del 36: la IV Agrupación del Ejército Guerrillero en Galicia*; Edicións do Castro, Sada.
- AXEITOS AGRELO, X.L. (2015): *Manuel Antonio. Obra completa*; Real Academia Galega (RAG), A Coruña.
- CABEZA QUILES, F. (1992): *Os nomes de lugar*; Edicións Xerais, Vigo.
- (2008): *Toponimia de Galicia*; Ed. Galaxia, Vigo.
- CAJARAVILLE, H. (2018): *Nova Nursia*; Edicións Xerais, Vigo.
- CARREIRA, X.M. (1987): “Manuel Martínez Posse”, *A Nosa Terra* n^o 326, p. 19 (4/8/1987).
- CUPEIRO VÁZQUEZ, B. (1989): *A Galiza de alén mar*; Edicións do Castro, Sada.
- DOMINGUEZ RIAL, E. (1984): “Riqueza arqueológica del Ayuntamiento de Zas”, en *O Voceiro de Zas* n^o 0, 1, 2; Zas.
- e X.M^a LEMA SUÁREZ (s/d): voz “Soneira, Terra de”, *GEG*, t. 21.
- DÓNEGA, M. (s/d): voz “Morgade Varela, Teodoro”, *GEG*, t. 21.
- (editor) [1963]: *Cartafol de Teodoro Morgade: versos e prosas inéditas*; A Coruña.
- FRAGA, M. e M. VILLAR (coords.) [2009]: *De Pondal ao Batallón Literario (120 anos de poesías na Costa da Morte)*; Sotelo Blanco, Santiago.
- FRAGUAS FRAGUAS, A. (1968): “Emplazamiento de ferias en Galicia a fines del siglo XVIII”, en *Cuadernos de Estudios Gallegos* (CEG), t. XXIII, fasc. 70.
- GÁNDARA, R., X.M^a LEMA e R. MOUZO (1994, inédito): *Inventario do patrimonio etnográfico do Concello de Zas*; Xunta de Galicia-Dirección Xeral de Patrimonio.
- GARCÍA ORO, J. e M^a J. PORTELA SILVA (2003): *La casa de Altamira*; Ed. El Eco Franciscano, Santiago.
- GÓMEZ SOBRINO, X. (s/d): “Martínez Pose, Manuel”, *GEG*, t. 20.
- GONZÁLEZ LÓPEZ, E. (1988): *Memorias de un diputado de las Cortes de la República (1931-1936)*; Edicións do Castro, Sada.
- GEG, “Romero Lema, Francisco”, t. 27.
- GEG: “Romero Pose, Uxío”, t. 27
- http://www.wikiwand.com/gl/Enrique_Labarta_Pose
- https://gl.wikipedia.org/wiki/Enrique_Labarta_Pose
- <https://www.facebook.com/afonte.defornelos>
- LABARTA POSE, E. (1960a): *Poesías en gallego y castellano*; prólogo de B. Varela Jácome; Porto y Cía, Editores; Santiago de Compostela.
- (1960b): *Cuentos humorísticos*; prólogo de B. Varela Jácome; Porto y Cía, Editores; Santiago de Compostela.
- (1995): *Contos*; edición de X.M^a Lema e X.M. Varela Varela; Ed. Galaxia, Vigo.
- LA VOZ DE GALICIA: “Creada en Fornelos la Asociación de Veciños A Ponte, primeira del lugar” (*LVG*, 25-7-2006).
- LADO, J. V. (2018): “Símbolos de Baio y Cee. Dos edificios históricos con la piel renovada. Las obras han mudado su imagen” (*La Voz de Galicia* 23-03-2018).
- LAREDO CORDONIÉ, J. M^a e X. M^a LEMA SUÁREZ (2012): *Os cruceiros máis sobranceiros da Costa da Morte. I. Bergantiños occidental e Terra de Soneira*; Seminario de Estudos Comarcais da Costa da Morte (SEMESCOM), Vimianzo.
- LAMELA GARCÍA, V.L. (1992): “Foucellas”: *el riguroso relato de una lucha antifranquista*; Edicións do Castro, Sada.
- (1995): *Crónica de una represión en la ‘Costa da Morte’*; Edicións do Castro, Sada.
- LEMA MOUZO, R. (2017): “Localizan en Baio un manuscrito en gallego de 1452. Un manuscrito del notario Vasco Gómez, que se guarda en el archivo privado de María Camiño Agra”, en *Adiante Galicia* (última visita: <https://www.adiantegalicia.es/cultura/2017/08/20/localizan-en-baio-un-manuscrito-en-gallego-de-1452.html>).
- LEMA SUÁREZ, X.M^a (1989): *Historia do C.D. Baio e de Liga da Costa*; Concello de Zas.
- (s/d): “Baio, Santa María de”, *GEG*, t. 31.
- (1993): *A Arte Relixiosa na Terra de Soneira* (tomos II e III); Fundación Universitaria de Cultura; Santiago de Compostela.

- (1995): “O derradeiro vinculeiro da Casa do Vao”, en *Antón Losada Diéguez. 10 anos dun premio*; Concello do Carballiño.
- (1998): “En lembranza da mestra rebelde de Bamiro [Carmen Balboa]; *La Voz de Galicia* (ed. Carballo) 29/04/1998).
- (2000): “Artistas e talleres rurais das Terras de Soneira e Namancois (séc. XVIII)”, en *Actas do I Simposio de Historia da Costa da Morte. Mil cen anos das terras de Nemancois, Soneira e Bergantiño [Baio e Zas, 18, 19 e 20 de xuño de 1999]*; Asoc. Neria, Cee (pp. 175-205).
- (2001): *Os mellores pazos da Costa da Morte*; Asoc. Neria, Santiago.
- e X.M^a Rei LEMA (2007): *A Feira de Baio. O mercado máis antigo da Terra de Soneira*; Amigos de Monte Torán, Bamiro-Vimianzo.
- (coord. e dir.) e outros [E. DOMÍNGUEZ RIAL, X. FERNÁNDEZ CARRERA, R. MOUZO LAVANDEIRA e X.M^a REI LEMA] (2010): *A Terra de Soneira, no corazón da Costa da Morte*; Edicións Xerais de Galicia, Vigo.
- (2016): “Un mozo baiés entusiasmado coas Irmandades da Fala. Xosé Romero Lema mostra nas súas cartas a Manuel Antonio a súa implicación no galeguismo”, en *La Voz de Galicia* 18/05/2016.
- LÓPEZ, M. (2017): “O legado artístico de toda unha vida. José Rojo Valiña faleceu no 2004 deixando atrás centenas de creación de tódalas disciplinas artísticas, ademais dunha importante colección de obxectos antigos” (LVG, 19-12-2017).
- LÓPEZ CALO, J. (1988): “La música en Galicia”, en *Enciclopedia Temática de Galicia*; CREDSA, Barcelona.
- LUCAS LABRADA, J. (1971): *Descripción económica del Reyno de Galicia [1804]*; ed. De F.J. Río Barja; Ed. Galaxia, Vigo.
- MARTÍNEZ-BARBEITO, C. (1986): *Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña*; Deputación da Coruña; A Coruña.
- MÉNDEZ DOMÉNECH, X. M^a (2001): “As casas fidalgas da Terra de Soneira”, en *Xornadas informativas sobre os pazos da Costa da Morte*; Asoc. Neria (inédito).
- MÉNDEZ FERRÍN, X.L. (1984): *De Pondal a Novoneyra*; Edicións Xerais, Vigo.
- MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, I (1991): “Etimoloxía toponímica: A Piroga, Baio e Montetorán”, en ‘Cuadernos’, *El Ideal Gallego* 7/07/91.
- MORALEJO LASO, A. (1977): *Toponimia gallega y leonesa*; Pico Sacro, Santiago.
- NAVAZA BLANCO, G. (2006): *Fitotoponimia de Galicia*; Fundación Barrié de la Maza, A Coruña.
- (2016): “A orixe literaria da Coruña”, en *Revista Galega de Filoloxía*, 17.
- PÉREZ ASTRAY, B. (1992): “Ramón Romero Lema foi membro fundador do Seminario de Estudos Galegos”, en *La Voz de Galicia*, ‘Especial Festas de San Cristovo de Baio’, 10/07/92.
- REI LEMA, X.M^a (1999): “A fundación do Seminario de Estudos Galegos, segundo Francisco Romero Lema”, *A Trabe de Ouro*.
- (2000a): *Escritores da Costa da Morte. Catálogo de poetas, narradores, ensaístas e investigadores, nados na Costa da Morte, con obra publicada en lingua galega*; Asoc. Neria, Cee.
- (2000b): “Francisco Romero Lema ou unha vida de homenaxe a Enrique Labarta Pose”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 24, 2º semestre; Universidade de Santiago de Compostela.
- (2001): *Namorados da Costa da Morte. Antoloxía de textos literarios sobre a Costa da Mortes*; Asoc. Neria, Cee.
- (2011a): *Diccionario de escritores e escritoras da Costa da Morte*; Seminario de Estudos da Costa da Morte (SEMESCOM), Vimianzo.
- (2011b): *Textos literarios sobre a Costa da Morte*; SEMESCOM, Vimianzo.
- (en prensa): *Xosé Collazo. Obra poética*; Edición Xerais, Vigo.
- e X.M^a LEMA (2014): *50 anos da historia do fútbol da Costa*; autoedición.
- RÍO BARJA, F.J. (1990): *Cartografía xurisdiccional de Galicia no século XVIII*; Consello da Cultura Galega (CCG), Santiago.
- ROJO VALIÑA, J. (2011): *¿Sabías que...? Baio... e... algo máis*; Edición de Olga e Teresa Rojo Valiña; Baio.
- ROMAR LÓPEZ, R. (ca. 1998): *Ancestros y vivencias*; edición do autor.
- (ca. 2011): *El vínculo do Bao de Fornelos* (folleto mecanografiado).
- ROMERO LEMA, F. (1963): “Enrique Labarta Pose”, en *La Voz de Galicia* 7/09/63.
- (1970): *Bayo en el siglo XX* (mecanografado, parcialmente publicado en Lema Suárez 1989).
- (ca.1970): *Toponomástica [de Baio]* (mecanografado).

- (1971): “Bayo. Notas geográficas e históricas”, folleto *Fiestas de Bayo*, 1971.
- (2000): *Vocabulario de Soneira* (edición e notas de X. M^a Rei Lema); Real Academia Galega (RAG), A Coruña.
- SORALUCE BLOND, J. R. e X. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ (directores) [1998]: *Arquitecturas da provincia da Coruña. Vol. X. Comarca de Terra de Soneira e Xallas: [concellos de] Camariñas, Mazaricos, Santa Comba, Vimianzo e Zas*; Departamento de Composición da Universidade da Coruña / Deputación da Coruña.
- SUEIRO, D. (1983): *La flota es roja (Papel clave del radiotelegrafista Benjamín Balboa en julio de 1936)*; Argos Vergara, Barcelona.
- TRILLO, J. e C. VILLANUEVA (1987): *La música en la catedral de Tui*; Diputación da Coruña.
- VARELA VARELA, X.M. (1994): *A poesía galega de Henrique Labarta Pose*; tese de licenciatura inédita; Universidade da Coruña.
- (1995a): *A poesía galega de Enrique Labarta Pose (Biografía, cronoloxía, bibliografía)*; Edinosa, A Coruña.
- (1995b): *A poesía castelá de Enrique Labarta Pose (I)*; Edinosa, A Coruña.
- (1995c): *A poesía castelá de Enrique Labarta Pose (II)*; Edinosa, A Coruña.
- VARIOS (2007): *Estudo socioeconómico da Terra de Soneira*; FESGA.
- VIU, C. (2017): “Guerra por el instituto de Baio. En 1990, hace hoy 27 años, los antidisturbios acudieron a Zas para garantizar la celebración del pleno”, *La Voz de Galicia* 14-05-2017.

Outras obras de carácter xeral:

- ARQUIVO DA CATEDRAL DE SANTIAGO (ACS): <http://csa.archivo3000.es/jopac/controladorconopac>
- CAG = Boullón Agrelo, Ana I. / Sousa Fernández, Xulio (dirs.): *Cartografía dos apelidos de Galicia*. Universidade de Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.es/cag/>>
- CARRÉ ALDAO, E. (c. 1928): *Geografía General del Reino de Galicia* (dir. por F. Carreras i Candi), vol. VI; Barcelona.
- CATASTRO DEL MARQUÉS DE LA ENSENADA (<http://pares.mcu.es/Catastro/>).
- HOYO, J. del (1952): *Memorias del Arzobispado de Santiago (1607)*; edición de A. Rodríguez e B. Varela Jácome; Porto Editores, Santiago.
- MADOZ, P. (1845-1850): *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de Ultramar*; Madrid.

